

Consello de Contas
de Galicia



PLAN ANUAL DE TRABAJO

EXERCICIO 2016

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	3
II. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	5
III. CONTIDO DO PLAN DE TRABALLO.....	6
III.1. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL.....	6
III.1.1. COMPETENCIA E ÁMBITO DA FISCALIZACIÓN	6
III.1.2. PROPOSTAS DE FISCALIZACIÓN.....	8
III.1.2.1. Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2014.....	8
III.1.2.2. Fiscalización dos fondos procedentes da unión europea. exercicio 2014.....	17
III.1.3. SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS FORMULADAS POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA NOS INFORMES DE FISCALIZACIÓN NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	25
III.1.3.1. FISCALIZACIÓN DE SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS FORMULADAS POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA EN INFORMES DE FISCALIZACIÓN DOS EXERCICIOS 2012-2013	25
III.1.4. SECCIÓN DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN.....	26
III.1.4.1. Actuacións en materia de prevención da corrupción	27
III.1.4.2. Fiscalización da actividade contractual das entidades instrumentais. Exercicio 2015	28
III.2. ÁREA DE CONTA XERAL	30
III.2.1. INTRODUCCIÓN.....	30
III.2.2. ALCANCE DAS ACTUACIÓNS DE FISCALIZACIÓN.....	31
III.2.3. OBXECTIVOS	32
III.2.4. DECLARACIÓN DEFINITIVA SOBRE A CONTA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.....	33
III.2.5. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN	35
III.2.5.1. Informe de fiscalización da conta xeral da comunidade autónoma correspondente ao exercicio 2014.	36
III.2.5.2. Informe de fiscalización do programa de gasto 713e –benestar animal e sanidade vexetal	37
III.2.5.3. Informe de fiscalización do gasto en centros residenciais de atención ás persoas maiores dependentes e persoas con discapacidade.....	41
III.2.5.4. Informe de fiscalización de ingresos non tributarios da comunidade autónoma. exercicio 2014.....	43
III.2.5.5. Informe de fiscalización da conta de tesourería da comunidade autónoma. exercicio 2014.	44
III.3. ÁREA DO SERGAS.....	46
III.3.1. INTRODUCCIÓN.....	46
III.3.2. ÁMBITO	47
III.3.3. PLAN DE ACTUACIÓN.....	48
III.3.3.1. Fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde correspondente ao exercicio 2014.....	48
ÁREA DE ANÁLISE DO SISTEMA DE SAÚDE	48
ÁREA DE ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCEIRA.....	48
ÁREA DE XESTIÓN DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	49
III.3.3.2. Fiscalización selectiva da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUSG-061)	49
III.3.3.3. Fiscalización selectiva relativa ao traslado de pacientes en medios extraordinarios de transporte non urxente.....	50

III.3.3.4. Fiscalización selectiva relativa á área de Farmacia Hospitalaria	51
III.3.3.5. Fiscalización do concerto co Hospital POVISA	52
III.4. ÁREA INSTITUCIONAL	53
III.4.1. INTRODUCCIÓN	53
III.4.2. PROPOSTA DE ACTUACIÓN	53
III.4.2.1 Informe sobre a actividade económica das Entidades Públicas dependentes. Exercicio 2014	54
III.4.2.2. Fiscalización dos contratos de construción e xestión das autovías financiadas mediante peaxe en sombra	54
III.4.2.3. Fiscalización selectiva das Fundación do Sector Público Autonómico	55
III.5. ÁREA DE CORPORACIÓN S LOCAIS	57
III.5.1. INTRODUCCIÓN	57
III.5.2. AMBITO DA FISCALIZACIÓN	57
III.5.3. OBXECTIVOS.....	58
III.5.4. PROPOSTA DE ACTUACIÓN	59
III.5.4.1 Análise da rendición das contas locais	59
III.5.4.2. Conta Xeral das Entidades Locais. Exercicio 2014	60
III.5.4.3. Informe do sector públisico local. Exercicio 2014	60
III.5.4.4. Fiscalización das resolución e acordos contrarios aos reparos formulados polas intervención locais. concello de máis de 75.000 habitantes	61
III.5.4.5. Fiscalización selectiva de concellos en función do volume de recoñecementos extraxudiciais de créditos	62
III.5.4.6. Informe sobre a estabilidade orzamentaria das Corporacións Locais de Galicia	63
III.5.4.7. Informe sobre o endebedamento das Entidades Locais de Galicia	64
III.5.4.8. Remate das actuacións pendentes do exercicio anterior	64
III.5.5. REALIZACIÓN DOS TRABALLOS.....	64

I. INTRODUCCIÓN

As funcións e actividades a realizar polo órgano fiscalizador da Comunidade Autónoma, veñen fixadas pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia (en adiante LCCG), que no seu artigo primeiro establece que o Consello de Contas como órgano de fiscalización das contas e da xestión económico financeira e contable, exercerá as súas funcións en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma, quedando definido o sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, aos efectos desta lei, no artigo 2 da dita lei, da seguinte forma:

- a) A Administración autonómica e os seus organismos autónomos.
- b) As entidades locais e os seus organismos autónomos, así como as empresas públicas dependentes delas, no ámbito competencial das institucións de autogoberno.
- c) As empresas públicas, calquera que sexa a súa forma xurídica, dependentes da Administración autonómica.
- d) As Corporacións a que se refire o número 29 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

O artigo 4 determina que son funcións do Consello de Contas:

- a) Fiscalizar a actividade económico-financiera do sector público de Galicia, velando para que se axuste ao ordenamento xurídico e ao principio de racionalidade, determinada por criterios de eficiencia e economía.
- b) Fiscalizar as subvencións, os créditos e as axudas con cargo aos orzamentos dos entes públicos galegos, así como os avais e exencións fiscais directas e persoais, concedidas por aqueles entes, xa sexan percibidas por persoas físicas ou xurídicas.
- c) Fiscalizar os contratos celebrados pola Administración Autonómica e outros entes do sector público de Galicia nos casos en que se estableza así ou que o Consello de Contas o considere conveniente.
- d) Fiscalizar a situación e as variacións do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entes públicos galegos.
- e) Fiscalizar os créditos extraordinarios e suplementos de créditos, así como as incorporacións, ampliacións, transferencias e demais modificacións dos créditos orzamentarios galegos.
- f) Emitir ditames e consultas que en materia de contabilidade pública e de xestión económico-financiera lle soliciten as institucións e os entes públicos galegos.

- g) Analizar a utilización dos recursos dispoñibles atendendo ao menor custo na realización do gasto e formular as propostas tendentes a mellorar os servizos prestados polo sector público de Galicia.
- h) Fiscalizar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos nos diversos programas orzamentarios e nas memorias das subvencións, créditos, axudas e dos avais, e indicar, no seu caso, as causas de incumprimento.

Así mesmo, o artigo segundo do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia precisa que o Consello de Contas poderá actuar por delegación do Tribunal de Contas. Neste caso, axustará a súa actuación aos termos nos que se produza a devandita delegación, seguindo as normas e os procedementos que rexen para o dito Tribunal, sen prexuízo de que se apliquen as que lle son propias de forma subsidiaria. Así mesmo, o Consello de Contas practicará cantas actuacións fiscalizadoras lle sexan delegadas polos órganos de control externo da Comunidade Económica Europea, de conformidade coa lexislación que fose aplicable.

Por outra banda, o artigo 24.1 da LCCG establece que o exercicio da función fiscalizadora do Consello de Contas impulsarase de oficio en todos os seus trámites e que a iniciativa corresponde ao propio Consello e ao Parlamento de Galicia.

É unha competencia do Pleno do Consello, atribuída polo Regulamento de réxime interior no seu artigo 8, exercer a función fiscalizadora de acordo co disposto na Lei e aprobar o plan anual de traballo e actuacións.

Por outra parte o artigo 63.1 do Regulamento establece que o resultado da función da fiscalización do Consello de Contas farase constar por medio da memoria e informe anual, os informes de fiscalización selectiva ou memorias ordinarias e extraordinarias, as mocións e as notas.

Así mesmo, o apartado 3 do dito artigo establece que os informes de fiscalización selectiva ou memorias ordinarias ou extraordinarias son os instrumentos nos que se materializa o resultado dun procedemento fiscalizador tramitado a solicitude do Parlamento ou a iniciativa do propio Consello.

Deste xeito, o órgano fiscalizador pode levar a cabo a súa actividade a través de informes selectivos de fiscalización, que se poden atopar dentro dos obxectivos fixados no presente plan de traballo para o exercicio 2016.

Por outra banda, hai que destacar que este plan comprende as actuacións a realizar polas cinco áreas de fiscalización:

- Conta Xeral
- Sergas
- Institucional

- Coordinación Xeral
- Corporacións Locais

O traballo planificarase e realizarase, de acordo cos obxectivos elaborados por cada área, co fin de obter evidencia suficiente e axeitada para poder emitir unha opinión ou conclusión sobre os aspectos detallados no artigo 4 da Lei 6/1985.

O traballo levarase a cabo conforme aos Principios e Normas de Auditoría do Sector Público aprobadas pola Comisión de Coordinación dos Órganos Públicos de Control Externo do Estado Español e ás Normas Internacionais de Auditoría do Sector Público, adoptadas polo Pleno do Consello de Contas de Galicia en sesión celebrada o día 22 de decembro de 2014, que foron publicadas mediante Resolución do 15 de xaneiro de 2015 no D.O.G. nº 24, do 5 de febreiro do mesmo ano

As tarefas que se programan neste Plan de Traballo darán lugar á documentación e memoria anual á que se refire a sección terceira da Lei 6/1985, nas que se recollerá o resultado das actividades fiscalizadas e proporanse, no seu caso, as medidas a adoptar para mellorar a xestión económico financeira do sector público de Galicia.

II. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

O persoal efectivo destinado á realización das funcións de fiscalización, distribuído entre as distintas áreas, é o seguinte:

	Coordinación Xeral	Corporacións Locais	Institucional	SERGAS	Conta Xeral
Auditores/as	2	3	3	3	3
Técnicos/as Auditoría	4	5	3	4	4
Axudantes Auditoría	2	1	2	3	2
Auxiliares Administrativos/as	1	3	1	1	1
Secretarios/as	1	1	1	1	1

Neste exercicio, trala renovación das correspondentes licenzas, empregaranse como ferramenta de auditoría as aplicacións TEAMMATE e BIRT ANALYTICS, manténdose a aplicación IDEA, ferramentas para análises de datos.

III. CONTIDO DO PLAN DE TRABALLO

III.1. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL

III.1.1. COMPETENCIA E ÁMBITO DA FISCALIZACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 6/1985, modificado pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, o Consello de Contas de Galicia, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará ao Parlamento de Galicia en materia económico-financeira.

Pola súa parte, o artigo 2.1 do dito texto legal establece que aos efectos desta lei compoñen o Sector Público da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) “A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- b) As entidades locais e os entes ou organismos, calquera que sexa a súa forma xurídica, dependentes ou controlados directa ou indirectamente por aquelas.
- c) As universidades públicas do Sistema universitario de Galicia e as entidades nas que no seu capital ou fondo patrimonial equivalente teñan participación maioritaria as devanditas universidades.
- d) As corporacións a que se refire o número 29 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- e) Os entes ou organismos, calquera que sexa a súa forma xurídica, nos que a participación das entidades sinaladas nas letras anteriores considerada conxuntamente sexa maioritaria ou comporte o seu control público.”

Así mesmo, segundo establece o apartado 2 do dito artigo, quedan sometidos á actuación do Consello de Contas, na medida necesaria para o axeitado exercicio das funcións deste órgano:

- a) “As persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións, créditos, avais ou calquera outro tipo de axuda pública outorgada polas entidades previstas no punto 1 deste artigo.
- b) As formacións políticas e as fundacións e entidades vinculadas ás formacións políticas ou vinculadas a elas, exclusivamente no que atinxe á xustificación das subvencións que reciban dalgunha das entidades ás que se refire o punto 1 deste artigo e sen prexuízo das

competencias do Tribunal de Contas e do establecido na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.”

Finalmente, o apartado 3 establece que “O Consello de Contas realizará un seguimento e dará conta do grao de cumprimento das recomendacións emanadas dos informes emitidos.”

Pola súa parte, o artigo 4 determina que son funcións do Consello de Contas de Galicia:

- a) Fiscalizar a actividade económico-financeira do sector público de Galicia, velando para que se axuste ó ordenamento xurídico e ó principio de racionalidade, determinada por criterios de eficiencia e economía.
- b) Fiscalizar as subvencións, os créditos e as axudas con cargo aos orzamentos das entidades previstas no punto 1 do artigo 2, así como os avais e as exencións fiscais directas e persoais concedidas por aqueles entes, xa sexan percibidas por persoas físicas ou xurídicas.
- c) Fiscalizar os contratos celebrados pola Administración Autonómica e das entidades previstas no punto 1 do artigo 2 nos casos en que se estableza así ou en que o Consello de Contas o considere conveniente.
- d) Fiscalizar a situación e as variacións do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entidades previstas no punto 1 do artigo 2.
- e) Fiscalizar os créditos extraordinarios e suplementos de créditos, así como as incorporacións, ampliacións, transferencias e demais modificacións dos créditos presupostarios galegos.
- f) Emitir ditames e consultas que en materia de contabilidade pública e de xestión económico-financeira lle soliciten as institucións e entidades previstas no punto 1 do artigo 2, así como atender as consultas do Parlamento sobre os orzamentos da Comunidade Autónoma e a súa execución e liquidación e emitir opinión, por solicitude do Parlamento ou da Xunta, sobre proxectos normativos que afecten os ingresos ou gastos públicos.
- g) Analizar a utilización dos recursos dispoñibles atendendo ó menor custo na realización do gasto e formular as propostas tendentes a mellorar os servizos prestados polo sector público de Galicia.
- h) Fiscalizar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos nos diversos programas presupostarios e nas memorias das subvencións, créditos, axudas e dos avais, e indicar, no seu caso as causas de incumprimento.
- i) Emitir informes facultativos, por petición da consellería competente en materia de facenda, por instancia do órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais de Galicia, para resolver as

discrepancias que lle sexan elevadas a este órgano polas persoas que ocupen a presidencia das entidades locais a través do procedemento regulado na normativa do Estado.

- j) Fiscalizar a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupan altos cargos no sector público autonómico.

Tendo en consideración todo o que antecede formúlanse as seguintes propostas de fiscalización:

III.1.2. PROPOSTAS DE FISCALIZACIÓN

A Área de Coordinación Xeral do Consello levará a cabo durante o ano 2016 as seguintes actuacións de fiscalización:

II.1. Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2014.

II.2. Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicio 2014.

III.1.2.1. FISCALIZACIÓN DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL. EXERCICIO 2014

A fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial (FCI) ven imposta por imperativo da Lei 22/2001 reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial, no seu artigo 10, onde se regula o control parlamentario dos ditos fondos.

No apartado 1 di dito artigo establécese que “O control parlamentario dos proxectos financiados con cargo ós Fondos de Compensación Interterritorial e a valoración do seu impacto conxunto na corrección dos desequilibrios interterritoriais levarase a cabo polas Cortes Xerais, a través da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado, polas Asembleas Lexislativas das respectivas Comunidades Autónomas e polas Asembleas das Cidades con Estatuto de Autonomía”.

No apartado 2 xustifícase a actuación do Consello de Contas cando determina que “Nembargantes, o Tribunal de Cuentas do Estado e, se é o caso, os Tribunais de Contas das Comunidades Autónomas, presentarán ante os Órganos Lexislativos citados no número 1 anterior, respectivamente, informe separado e suficiente de tódolos proxectos financiados con cargo ós Fondos de Compensación Interterritorial”.

Cómpre ter en conta que segundo establece a Disposición Transitoria Primeira, os proxectos de investimento do Fondo de Compensación de exercicios anteriores ao exercicio 2003, que estiveran pendentes de execución á entrada en vigor da Lei 22/2001, rexeranse pola Lei 29/1990, do 26 de decembro, do Fondo de Compensación Interterritorial.

Obxectivo xeral

O control a realizar terá como finalidade dar cumprimento ao mandato establecido no artigo 10.2 da Lei reguladora dos FCI, é dicir, presentar un informe separado e suficiente de tódolos proxectos financiados con cargo a estes Fondos.

Aínda que a Lei non establece o contido concreto do informe, este versará sobre o destino dos recursos dos Fondos e o estado de realización dos proxectos.

A fiscalización da xestión económico-financeira dos Fondos de Compensación Interterritorial, ten como obxectivos principais a comprobación da legalidade e regularidade das operacións e a determinación dos índices de execución.

Obxectivos específicos

1. Legalidade e regularidade das operacións.

a) Comprobar que a actividade económico financeira levada a cabo polos xestores dos Fondos de Compensación Interterritorial é conforme coa normativa reguladora respecto á: natureza dos gastos incluídos nos diversos proxectos de investimento, autorizacións e modificacións de proxectos, execución orzamentaria dos gastos, petición de fondos solicitadas ao Estado e ingresos recibidos pola Comunidade Autónoma.

b) Verificar o cumprimento dos requirimentos orzamentarios e financeiros comprobando e as contas relativas á execución dos Fondos presentan unha información completa e exacta das operacións desenvolvidas no exercicio, mediante a análise e cotexo dos seguintes datos relevantes:

- Os créditos iniciais, modificacións orzamentarias, reaxustes de proxectos e créditos definitivos.
- Os compromisos de gasto adquiridos.
- As obrigas recoñecidas.
- Os pagamentos efectuados.
- As certificacións de gastos comunicadas ao Estado pola Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos.
- Os importes percibidos do Estado.
- As diferenzas entre os dereitos recoñecidos e as obrigas recoñecidas no exercicio e acumuladas.

2. Índices de execución.

Realizarase unha análise que poña en relación ingresos, gastos, cobros e pagamentos para obter así uns indicadores que reflicten a actividade desenvolvida.

Alcance

O ámbito obxectivo de fiscalización abrangue as consellerías, organismos autónomos e entes cuxos orzamentos foron financiados mediante algunha das seguintes modalidades de financiamento dos Fondos de Compensación Interterritorial:

Modalidade	Descrición
2010	FFCI libre
2012	FFCI libre incorporado
2020	FFCI que cofinancia elixible
2021	FFCI que cofinancia elixible incorporado
2031	FFCI que cofinancia non elixible incorporado
2040	FFCI que cofinancia incorporados elixible
2061	FFCI incorporado que cofinancia elixible corrente
2110	FFCI exercicio pechado libre
2120	FFCI exercicio pechado que cofinancia elixible

Desde o punto de vista subxectivo e funcional a fiscalización realizarase sobre a Administración da Xunta de Galicia, os seus organismos autónomos e entes públicos, que xestionen proxectos financiados con recursos procedentes dos FFCI, é dicir, unidades xestoras encadradas nas seguintes Consellerías, segundo a estrutura orgánica vixente para a execución do orzamento do exercicio 2014:

04-Presidencia da Xunta

461B-Radiodifusión e TVG

-Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento

-Axencia Galega Turismo

761A-Coordinación e promoción do turismo

05-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza

121A-Dirección e servizos xerais de administración xeral

131A-Dirección e servizos xerais de xustiza

141A-Administración local

212A-Protección civil e seguridade da Comunidade Autónoma

313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller

313D-Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero

06-Consellería de Facenda

612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica

621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control

-Axencia Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC)

611A-Dirección e servizos xerais de facenda

07-Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

512A-Ordenación e inspección do transporte

521A-Urbanismo

541A-Dirección e servizos xerais de ambiente

541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural

541D-Control ambiental e xestión de residuos

541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade

-Organismo Autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)

451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda

-Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia

542A-Planificación e xestión hidrolóxica

-Axencia Galega de Infraestruturas

512B-Construción, conservación e explotación de estradas

08-Consellería de Economía e Industria

732A-Regulación e soporte da actividade industrial

733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables

734A-Fomento da minaría

741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial

751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia

-Axencia Galega de Innovación

561A-Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento

-Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables

-Axencia Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial

09-Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

422A-Educación infantil, primaria e ESO

422C-Ensinanzas universitarias

422G-Ensinanzas especiais

422M-Ensinanza secundaria e formación profesional

423A-Servizos e axudas complementarias das ensinanzas

432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais

432B-Fomento das actividades culturais

433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural

561B-Investigación universitaria

571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento

10-Consellería de Sanidade

413A-Protección e promoción da saúde pública

-Organismo Autónomo Servizo Galego de Saúde (Sergas)

411A-Dirección e servizos xerais de Sanidade

11-Consellería de Traballo e Benestar

311A-Dirección e servizos xerais de promoción social

312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia

313C-Servizos sociais comunitarios

12 Consellería de Medio Rural e do Mar

514A-Infraestruturas pesqueiras

541C-Protección e mellora do medio natural mariño

551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural

551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal

713A-Mobilidade de terras agrarias improdutivas

713B-Ordenación das producións forestais

723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura

723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca

-Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia

513A-Construción, conservación e explotación portuaria

514A-Infraestruturas pesqueiras

23 Gastos de diversas consellerías

621B-Imprevistos e funcións non clasificadas

Procedementos

Para a consecución dos citados obxectivos realizaranse as seguintes actuacións:

PRIMEIRO. Para comprobar a legalidade e regularidade das operacións:

A. Verificar que as actuacións dos xestores dos Fondos se axeitan aos procedementos e formas establecidas na normativa, en concreto, nos seguintes aspectos:

A.1) Conformidade coa legalidade das actuacións realizadas pola Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, centro intermedio da xestión dos FFCI, en especial nas seguintes materias:

- Natureza dos gastos aos que se destinan os Fondos, que conforme ao disposto nos artigos 2.2 e 6.2 da Lei 22/2001, deben financiar investimentos que promovan directa ou indirectamente a creación de renda e riqueza na Comunidade e, no caso do Fondo Complementario, tamén os precisos para pór en marcha ou en funcionamento os citados investimentos durante un período máximo de dous anos a contar desde o remate da execución dos proxectos.
- Autorización dos proxectos de común acordo entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma, no seo do Comité de Investimentos Públicos, conforme co disposto no artigo 7.1 da Lei 22/2001.
- Cumprimento dos requisitos recollidos na normativa dos Fondos e, en especial, dos establecidos, por un lado, na Circular 2/2012, do 17 de abril, da Dirección Xeral de Planificación e Fondos para a programación e xestión dos Fondos de Compensación Interterritorial e, por outro lado, na disposición adicional novena da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, respecto das modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos, que requiren:
 - a) Proposta de modificación.
 - b) Informe da Dirección Xeral de Planificación e Fondos.
 - c) Elevación da proposta de modificación ao titular da Consellería de Facenda.
 - d) Aprobación da modificación pola persoa titular da Consellería de Facenda.
 - e) Comunicación da aprobación ao Comité de Investimentos Públicos para a súa ratificación.

- f) Ratificación do Comité de Investimentos Públicos.
- g) Comunicación da resolución que aproba as modificacións ao centro xestor, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e á Dirección Xeral de Orzamentos.

- Comprobar que as solicitudes de peticións de fondos se efectúan de acordo cos procedementos seguintes:

Logo de acadar as porcentaxes establecidas no artigo 8.2.a) da Lei 22/2001:

- 25 por 100 do importe de cada proxecto cando se producira a adxudicación da obra ou subministro obxecto do investimento ou o gasto;
- 50 por 100 do importe de cada proxecto cando a execución do mesmo se efectuara en igual porcentaxe, debendo ter transcorrido ao menos dous trimestres desde a iniciación do exercicio ao que se refiran os fondos;
- 25 por 100 restante cando se teña executado a totalidade do proxecto, debendo ter transcorrido, alomenos, tres trimestres desde a iniciación do exercicio ao que se refiran os fondos.

No caso de que o Fondo Complementario tivese como destino os gastos de funcionamento asociados aos proxectos de investimento, os importes transferiranse polas contías solicitadas co límite establecido no artigo 8.2.b) da Lei 22/2001.

- Comprobar o cobro pola Tesourería da Comunidade Autónoma dos fondos solicitados á Dirección General de Fondos Comunitarios do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

A.2) Exame das actuacións realizadas polos xestores dos Fondos respecto das modificacións orzamentarias para comprobar os seguintes extremos:

- 1) Incorporacións de créditos tendo en conta que, de acordo coa normativa dos Fondos e co artigo 71.2 do Decreto legislativo 1/1999, os remanentes de crédito financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial son incorporables en canto persista o dereito á percepción do ingreso que os financia.
- 2) Transferencias de créditos, tendo en conta que os gastos financiados exclusivamente ou cofinanciados con transferencias finalistas do Estado ou con fondos europeos, conforme ao artigo 68.3 do Decreto legislativo 1/1999, non están suxeitos ás limitacións xerais da citada norma.
- 3) Xeracións de créditos, de acordo co disposto no artigo 69 do Decreto legislativo 1/1999.

4) Adscricións e baixas de créditos tomando en consideración, ademais do establecido no artigo 66 h) do Decreto legislativo 1/1999, o prescrito nos artigos 6 n) e 10 da Lei 2/2013, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2013, co fin de introducir nos estados de gastos as modificacións precisas para adecuar os créditos afectados por transferencias finalistas.

5) Os reaxustes de proxectos aprobados pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, que resultan das variacións das fontes de financiamento daqueles.

SEGUNDO. A metodoloxía para levar a cabo a auditoría orzamentaria e financeira foi a seguinte:

Comprobar se as contas relativas á execución dos Fondos presentan unha información completa e exacta das operacións desenvolvidas no exercicio, mediante a análise e cotexo dos datos contables, verificando:

- A concordancia das cifras das dotacións iniciais dos Fondos, mediante proxectos xenéricos, prevista nos orzamentos xerais do Estado, coa dos proxectos específicos dos orzamentos da Comunidade Autónoma.
- O desenvolvemento dos proxectos xenéricos en proxectos específicos, mediante a aprobación das primeiras modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos.
- As dotacións iniciais dos proxectos e as dotacións finais destes, así como as variacións producidas entre as primeiras e as finalmente executadas pola Comunidade Autónoma.
- A adecuada e separada execución de cada proxecto de investimento financiado con cargo aos Fondos de Compensación co obxecto de facilitar o seu control.
- Os créditos iniciais, modificacións orzamentarias, reaxustes de proxectos e créditos definitivos.
- Os compromisos de gasto adquiridos.
- As obrigas recoñecidas.
- Os pagamentos efectuados.
- As certificacións de gastos, da Administración xeral, facilitadas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, e as dos entes que conforman a Administración institucional que vai permitir á Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos rexistrar as anotacións pertinentes de cada proxecto de gasto co fin de, unha vez acadadas as porcentaxes establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 8 da Lei 22/2001, solicitar do Estado as transferencias dos fondos xustificadas.
- Os importes percibidos do Estado, para o que se relacionarán as peticións de fondos efectuadas pola Comunidade Autónoma, por tipo de Fondo e exercicio ao que corresponden, comprobando a concordancia cos rexistros da contabilidade do Estado, na fase OK.

Para que a Comunidade Autónoma poida realizar o rexistro contable do ingreso nos conceptos correspondentes do capítulo VII é preciso que concorra algún dos casos previstos no artigo 7.2 da Orde do 27 de xullo de 2000, sobre desenvolvemento da xestión orzamentaria e contabilización dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital, artigo modificado pola Orde do 19 de decembro de 2006 pero que mantén, no caso das operacións que non proceden de orzamentos comunitarios, os criterios para o recoñecemento do dereito, sendo os seguintes:

- a) Cando exista constancia de que o organismo ou a administración da que procede a transferencia ditou o acto de recoñecemento da obriga de pagamento.
 - b) Cando se teña coñecemento de que a Administración do Estado imputou a operación ao seu orzamento de gastos.
 - c) Cando se reciban os fondos líquidos da transferencia.
- Ademais, con relación á execución de exercicios pechados, teranse en consideración os importes dos saldos pendentes de pagamento a 31 de decembro do exercicio anterior e a súa evolución durante o exercicio:
- obrigas pendentes de pagamento a 1 de xaneiro.
 - rectificacións no exercicio.
 - propostas de pagamento pendentes de pagamento a 1 de xaneiro.
 - propostas de pagamento no exercicio.
 - pagamentos ordenados pendentes de pagamento a 1 de xaneiro.
 - pagamentos ordenados no exercicio.
 - pagamentos realizados ao longo do exercicio.
 - pagamentos pendentes a 31 de decembro.
- Estado da tesourería do exercicio. Calculando o fluxo neto de tesourería do exercicio, é dicir, a diferenza entre os ingresos líquidos e os pagamentos realizados, tanto procedentes de exercicio corrente como de exercicios pechados.
- O resultado orzamentario derivado da xestión dos Fondos de Compensación Interterritorial no exercicio, considerando como tal a magnitude que representa o desfase entre os dereitos recoñecidos netos e as obrigas recoñecidas netas a 31 de decembro, podendo ser positivo (cando os ingresos orzamentarios realizados no exercicio foron suficientes para cubrir os gastos

orxamentarios realizados dito exercicio) ou negativo (cando os ingresos orxamentarios realizados no exercicio non superan os gastos realizados no dito exercicio).

TERCEIRO. A metodoloxía para o desenvolvemento dos índices de execución consistiu na utilización das seguintes ratios de ingresos, cobros, gastos e pagamentos:

- Execución do orzamento de ingresos, dereitos recoñecidos netos en relación coas previsións definitivas de ingresos.
- Realización de cobros, cobros do exercicio en relación cos dereitos recoñecidos netos.
- Execución do orzamento de gastos, relación entre as obrigas recoñecidas netas e os créditos definitivos.
- Realización de pagamentos, relación entre os pagamentos realizados no exercicio en relación coas obrigas recoñecidas netas.
- Índice de realización dos proxectos, trátase de poñer en comparación a vertente de gasto coa de ingreso, co fin de obter o seu grao de realización.

III.1.2.2. FISCALIZACIÓN DOS FONDOS PROCEDENTES DA UNIÓN EUROPEA. EXERCICIO 2014

A fiscalización dos Fondos Estruturais, Fondo de Cohesión e os Instrumentos Financeiros, sen prexuízo das competencias que ten atribuídas o Tribunal de Contas das Comunidades Europeas, levarase a cabo polo Consello de Contas, xa que os seus programas de gastos e os seus recursos constitúen unha parte cuantitativa e cualitativa moi relevante dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma.

En relación co artigo 4 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, o Regulamento de Réxime Interior aprobado polo Parlamento de Galicia mediante a Resolución de 25 de xuño de 1992, establece no seu artigo 23: *"Asemade o Consello de Contas practicará cantas accións fiscalizadoras lle sexan delegadas polos órganos de control externo da CEE, de conformidade coa lexislación que fora aplicable"*

Por outra banda no capítulo I do título VIII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello (UE) de 17 de decembro de 2013 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, establécense os

sistemas de xestión e control. Así o artigo 72 recolle os principios xerais dos sistemas de xestión e control, estes de conformidade co artigo 4, apartado 8 deberán:

- a) describir as funcións de cada organismo que participe na xestión e o control e asignar as funcións no seo de cada organismo;
- b) observar o principio de separación de funcións entre os devanditos organismos e no seo de cada un deles;
- c) establecer procedementos que garantan a exactitude e regularidade do gasto declarado;
- d) contar con sistemas informáticos para a contabilidade, para o almacenamento e a transmisión dos datos financeiros e os datos sobre indicadores e para o seguimento e a elaboración de informes;
- e) contar con sistemas de presentación de informes e seguimento cando o organismo responsable confíe a execución de tarefas a outro organismo;
- f) establecer medidas para auditar o funcionamento dos propios sistemas de xestión e control;
- g) contar con sistemas e procedementos que garantan unha pista de auditoría adecuada;
- h) dispor o necesario para previr, detectar e corrixir as irregularidades, incluído a fraude, e recuperar os importes pagos indebidamente, xunto cos posibles intereses de demora correspondentes.

Engade o Artigo 73, o principio de responsabilidade por xestión compartida. Con arranxo ao principio de xestión compartida, os Estados membros e a Comisión serán responsables da xestión e o control de programas con arranxo ás súas responsabilidades respectivas establecidas no presente Regulamento e as normas específicas dos Fondos.

Pola súa parte, o artigo 74 sinala as responsabilidades dos Estados membros así:

1. Os Estados membros cumprirán as obrigacións de xestión, control e auditoría, e asumirán as responsabilidades que delas se deriven, establecidas nas normas sobre xestión compartida que conteñan o Regulamento financeiro e as normas específicas dos Fondos.
2. Os Estados membros garantirán que os seus sistemas de xestión e control dos programas se establezan de conformidade coas normas específicas dos Fondos e que estes funcionen eficazmente.
3. Os Estados membros garantirán que se poñan en práctica medidas eficaces para o exame das reclamacións relacionadas cos Fondos EIE. O ámbito, as normas e os procedementos relacionados coas ditas medidas serán responsabilidade dos Estados membros, de conformidade co seu marco institucional e xurídico. A petición da Comisión, os Estados membros examinarán as reclamacións presentadas á Comisión que entren no ámbito das súas medidas. Os Estados membros informarán á Comisión dos resultados dos devanditos exames se así se lles solicita.

4. Todos os intercambios oficiais de información entre o Estado membro e a Comisión efectuaranse utilizando un sistema de intercambio electrónico de datos. A Comisión adoptará actos de execución polos que se establezan as condicións que deba cumprir o devandito sistema de intercambio electrónico de datos. Os ditos actos de execución adoptaranse con arranxo ao procedemento de exame ao que se refire o artigo 150, apartado 3.

A Área de Coordinación Xeral ten encomendadas as actuacións de fiscalización en relación cos recursos procedentes dos Fondos Estruturais, Fondo de Cohesión, Iniciativas Comunitarias e Outros Fondos Europeos, dos cales corresponde á Comunidade Autónoma a súa xestión e posterior xustificación.

A finalidade do control de fondos europeos a desenvolver será a de proporcionar ao Parlamento de Galicia e ás demais partes interesadas unha opinión de fiscalización na que se exprese se os fondos da Unión Europea se utilizan respectando a lexislación comunitaria.

Obxectivos

O informe sobre os Fondos Europeos xestionados pola Administración Xeral de Galicia, terá como obxectivo básico a análise da fiabilidade das contas que reflicten os fondos comunitarios desde as perspectivas de cada unha das modalidades, dos organismos e entidades xestoras e dos capítulos de gasto, recolléndose así mesmo a evolución dos créditos ao longo do exercicio 2014.

Como reflexo dos receptores finais dos fondos analizarase en catro grandes grupos: organismos públicos, persoas xurídicas, persoas físicas e outros; o número de perceptores e terceiros beneficiarios dos fondos, así como a contía final destes relacionada con cada un dos grupos. Este obxectivo permitirá estimar a contía dos fondos que son utilizados pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma, os seus organismos dependentes e o sector privado.

Obxectivos da auditoría financeira.

Analizarase se as contas relativas á execución de Fondos Europeos presentan unha información completa e exacta das operacións desenvolvidas no exercicio, mediante a análise e comparación dos datos contables, verificando:

- Os proxectos dotados con financiamento de fondos comunitarios.
- A adscrición de cada un dos proxectos coas súas correspondentes modalidades, unha ou varias.
- A evolución dos créditos iniciais e as súas modificacións ata os créditos definitivos por proxecto, modalidade, capítulo de gasto e órgano xestor.
- O desenvolvemento e evolución das distintas fases contables desde os créditos definitivos ata o pago final de cada un dos proxectos, modalidades, capítulos de gasto e órganos xestores.

-O nivel de execución dos créditos definitivos correspondentes a cada un dos proxectos, modalidades, capítulos de gasto e órganos xestores.

-Execución dos fondos en relación co total da execución do Orzamento Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Obxectivos da fiscalización.

Os Fondos Europeos e demais axudas comunitarias asignados a Galicia, de acordo cos programas operativos dos diversos períodos de referencia, non son os únicos aos que os organismos e as entidades da Administración pública autonómica poden ter acceso, xa que existe a posibilidade de poder solicitar ou xestionar outros fondos ou axudas procedentes tamén do Estado, da UE e doutros organismos, ben directamente ou como partícipes de proxectos multilaterais.

Desta forma compre determinar e analizar o total das transferencias recibidas polos organismos e entidades que forman parte da estrutura administrativa da Xunta de Galicia, coa finalidade de identificar o organismo ou entidade receptor, cuantificando de forma separada os fondos recibidos a través da Xunta de Galicia dos recibidos de forma externa.

Da análise dos datos extraídos do XUMCO (Sistema de Información de Xestión Contable da Xunta de Galicia) identificáronse os pagos realizados durante o exercicio e os receptores dos ditos pagos, tentando estruturar a información obtida en canto á súa contía, número e personalidade xurídica dos beneficiarios.

Fiscalizaranse de forma individualizada para cada unha das modalidades, e dentro destas, por cada proxecto de financiamento europeo os seguintes parámetros:

1-As transferencias recibidas polos organismos e entidades que forman parte da estrutura administrativa da Xunta de Galicia relacionados cos Fondos Estruturais, Fondo de Cohesión, Iniciativas Comunitarias e outros Fondos Europeos correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia para a súa xestión e posterior xustificación dos programas activos do exercicio 2014.

2-Identificación doutros fondos procedentes da UE que sendo xestionados ou percibidos polos organismos ou entidades da Xunta de Galicia non se encadran dentro dos relacionados no punto anterior, ao ser a súa tramitación externa á Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

3-Determinación cuantitativa e cualitativa dos proxectos contemplados en cada modalidade de Fondos Europeos identificadas no sistema de xestión contable da Xunta de Galicia (XUMCO).

4-Clasificación cualitativa e cuantitativa dos pagos segundo correspondan aos sectores públicos ou privados.

5-Cuantificación dos ingresos de Fondos Europeos tanto do exercicio corrente, como de exercicios pechados e a súa execución acumulada.

6-Cuantificación dos pagos realizados por proxecto e modalidade coa identificación da personalidade xurídica do receptor dos fondos (terceiros e perceptores).

Alcance

A fiscalización abarcará a actividade económico-financeira desenvolvida polas distintas consellerías e organismos que conforman a Administración da Comunidade Autónoma, os programas de gasto e os diversos capítulos de ingresos e gastos que se recollen nos orzamentos das consellerías e das súas unidades administrativas.

No ámbito obxectivo, a fiscalización abrangue os fondos e iniciativas procedentes da Unión Europea durante o exercicio 2014. Distínguense así no período 2014-2020, por unha banda os denominados Fondos Europeos Estruturais, que se enmarcan na política de cohesión e que neste período son dous: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e o Fondo Social Europeo (FSE). Ademais, do Fondo de Cohesión, que se enmarca na programación e deixa de ser un instrumento independente.

Dentro da política agraria común, e por tanto fose do ámbito da política de cohesión e dos denominados Fondos Estruturais, atopámonos co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEADER) e o Fondo Europeo da Pesca (FEP).

Xunto con estes Fondos Europeos existen os denominados “programas operativos de cooperación territorial”, podendo ter estes programas de cooperación territorial un triplo carácter: transfronteirizo, transnacional ou interrexional. Para finalizar atópanse os “programas operativos plurirrexionais” que son coordinados pola Administración Xeral do Estado.

No ámbito subxectivo, a fiscalización abarcará a actividade económico-financeira desenvolvida polas diversas entidades que compoñen a Administración Xeral da Comunidade Autónoma e o sector público autonómico, tal e como queda definido na Lei 16/2010, de 17 de decembro da Xunta de Galicia sobre Organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sen prexuízo de todo o anterior, a fiscalización dos Fondos Europeos do exercicio 2014, alcanzará tamén a calquera potencial beneficiario de fondos ou axudas comunitarias procedentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou de calquera outro organismo ou administración, ben como perceptor ou terceiro.

No ámbito subxectivo, a fiscalización abarca a actividade económico-financeira desenvolvida polas diversas entidades que compoñen a Administración Xeral da Comunidade Autónoma e o sector público autonómico, tal e como queda definido na Lei 16/2010, do 17 de decembro da Xunta de Galicia sobre Organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia:

“Artigo 2. A Administración Xeral de Galicia.

1-A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, constituída por órganos xerarquicamente ordenados e dirixida pola Xunta de Galicia, actúa con personalidade xurídica única.

2-A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia desenvolve funcións executivas de carácter administrativo, realizando as tarefas en que se concreta o exercicio da acción de goberno.

Artigo 3. O sector público autonómico.

1-Para os efectos desta lei, o sector público autonómico, ademais de por a propia Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, está integrado polas seguintes entidades:

a) Entidades públicas instrumentais dependentes da Administración Xeral ou doutras entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Outras entidades instrumentais respecto das cales a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia exerce xuridicamente, de forma directa ou indirecta, unha posición de dominio, entendendo como tal, a estes efectos, aquela en a que se exerce un control análogo ao dos propios servizos da Administración.

2-As entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico suxeitarán a súa actividade ao dereito administrativo sempre que exerzan potestades administrativas e en calquera outra circunstancia salvo que, neste último caso, de acordo coas leis xerais ou sectoriais aplicables ou coas súas específicas normas reguladoras, poidan ou deban someterse ao dereito privado. En todo caso, actuarán baixo o control e a dependencia ou tutela da Administración Xeral de Galicia ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico.

3-As demais entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico actuarán, como regra xeral, en réxime de dereito privado, sen prexuízo de actuar con suxeición ao dereito administrativo cando así o establezan as leis xerais e sectoriais aplicables.

4-Os consorcios poderán exercer por delegación, previo acordo do Consello da Xunta e sempre que se recoñeza nos seus estatutos, competencias e potestades administrativas das administracións consorciadas.”

Sen prexuízo de todo o anterior, a fiscalización dos Fondos Europeos do exercicio 2014, alcanza tamén a calquera potencial beneficiario de fondos ou axudas comunitarias procedentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou de calquera outro organismo ou administración, ben como perceptor ou terceiro.

Procedementos

De auditoría financeira.

Para o desenvolvemento da auditoría financeira, procederase da seguinte forma:

1-Partindo dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2014, identificaranse os Fondos Europeos adscritos aos organismos e entidades dependentes que conforman os orzamentos xerais da Xunta de Galicia, aprobados pola Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 (DOG Núm. 249, do 31 de decembro de 2013).

2-Identificaranse os proxectos con financiamento europeo, segundo a súa modalidade, capítulo de gasto e sección á que estaban adscritos.

3-De forma individualizada, analizarase a execución de cada un dos proxectos cofinanciados con Fondos Europeos, procedéndose a clasificalos segundo a súa pertenza, á modalidade, capítulo de gasto e sección.

4-Unha vez adscritos os proxectos segundo a modalidade, capítulo de gasto e sección verificarase o nivel de execución por estes conceptos.

5-Analizarase a contía das transferencias, correntes e de capital, realizadas a organismos autónomos, axencias, sociedades mercantís e demais entes públicos dependentes da Xunta de Galicia, na súa calidade de xestores de proxectos con financiamento europeo, así como ao sector privado.

6-Procederase, para cada organismo ou entidade xestora de Fondos Europeos dependente da Xunta de Galicia, a solicitar a documentación relativa a: 1) transferencias de Fondos Europeos realizadas pola Comunidade autónoma ao ente ou organismo durante o exercicio 2014, calquera que fose a modalidade e o período de programación, 2) execución dos Fondos Europeos xestionados durante o exercicio económico 2014, 3) relación, por modalidades e proxectos, dos beneficiarios de Fondos Europeos, cantidades, pagas ou pendentes, no exercicio 2014, 4) relación doutros proxectos xestionados durante o exercicio 2014 con financiamento de Fondos Europeos non procedentes da Comunidade Autónoma, con indicación do sinalado nos apartados anteriores.

7-Analizarase a documentación achegada polos organismos e entes dependentes da Xunta de Galicia, atendendo á súa natureza xurídica, de acordo ao orzamento da Xunta de Galicia para o exercicio 2014, clasificando os datos fornecidos segundo: orixe, modalidade, proxecto, importe e execución.

Da fiscalización dos beneficiarios.

Para o desenvolvemento da fiscalización analizaranse as bases de datos a facilitar pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia: Base de datos 2014 (Contas da Administración Xeral), Táboa 2014 (Fondos Europeos XUMCO). Ademais teranse en conta os datos facilitados polos organismos e entes dependentes da Xunta de Galicia en relación con outros Fondos Europeos con procedencia externa á Xunta de Galicia.

O procedemento de captura de datos e depuración, mediante o seu tratamento informático, realizarase conforme á orde seguinte:

1-Na base de datos 2014, Contas da Administración Xeral, identificaranse os proxectos financiados con Fondos Europeos.

2-Unha vez concretados os proxectos con financiamento europeo, cruzaranse coa táboa 2014 Fondos Europeos XUMCO, e identificaranse as modalidades de Fondos Europeos que se contemplan neste sistema de información ao non ser homoxéneo coa base de datos da Conta de Administración Xeral.

3-Determinados os proxectos segundo a modalidade de adscrición do XUMCO, avaliarase o número de proxectos clasificados por modalidade e aqueles nos que se efectuaron pagos.

4-Determinarase a contía dos pagos realizados, así como o número de beneficiarios por cada modalidade.

5-As contías e o número de perceptores por modalidade clasificaranse en catro grupos, segundo o seu número de identificación fiscal (NIF):

- Organismos públicos

- Persoas xurídicas do sector privado

- Persoas físicas.

- Outros: Comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal, entidades estranxeiras, congregacións e institucións relixiosas, tipos non definidos no resto de claves, establecementos permanentes de entidades non residentes en España, outros que non figuran na Orde

EHA/451/2008, do 20 de febreiro, pola que se regula a composición do NIF das persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica.

6-Unha vez determinados os grupos distinguiranse, desde o punto de vista contable, dentro deles os subgrupos de “terceiros” (aquelas persoas ou entidades que reciben o importe directamente do Tesouro) e “perceptores” (os beneficiarios finais do gasto a través de habilitado ou con pago “MULTITERC” que permite a desagregación a varios beneficiarios polo mesmo concepto).

7-Unha vez diferenciados os beneficiarios en “terceiros” e “perceptores”, agruparanse conforme aos criterios de clasificación relacionados no apartado 5 anterior.

III.1.3. SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS FORMULADAS POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA NOS INFORMES DE FISCALIZACIÓN NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

III.1.3.1. FISCALIZACIÓN DE SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS FORMULADAS POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA EN INFORMES DE FISCALIZACIÓN DOS EXERCICIOS 2012-2013

Durante o ano 2016 e no ámbito da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas de Galicia levará a cabo a fiscalización de seguimento das recomendacións formuladas como consecuencia de fiscalizacións anteriores.

Obxectivos

Con este traballo preténdese avaliar o impacto dos informes de fiscalización sobre a mellora das prácticas de xestión da Administración da Comunidade Autónoma e as súas entidades e organismos dela dependentes.

Alcance

O ámbito da fiscalización está constituído polas recomendacións incluídas nos informes de fiscalización dos exercicios 2012 e 2013.

Metodoloxía e procedementos

A área de Coordinación Xeral será a responsable de levar a cabo a coordinación dos traballos e da emisión do informe.

O traballo será realizado de xeito transversal, é dicir, cada unha das áreas do Consello responsable da emisión dos informes que conteñen as recomendacións formuladas no seu momento, realizará o seguimento e verificará a realidade da implantación das correspondentes recomendacións e

fornecerá á Area de Coordinación Xeral o resultado do traballo. Cos resultados acadados, a Area de Coordinación Xeral elaborará o informe correspondente.

O desenvolvemento do traballo de campo prevé as seguintes fases:

1. Elaboración dun resume das recomendacións que figuran nos correspondentes informes de fiscalización do Consello de Contas. Clasificación das recomendacións por exercicio, tipo de entidade e tipo de recomendación.
2. Obtención de información actualizada do seu grao de implantación, que se requirirá dos diferentes órganos xestores concernidos.
3. Realización de comprobacións materiais da realidade da implantación das recomendacións.

Como consecuencia dos traballos emitirase o correspondente informe que, de xeito indicativo, terá a estrutura seguinte:

I. INTRODUCCIÓN

- I.1. Aspectos legais da fiscalización
- I.2. Ámbito da fiscalización
- I.3. Obxectivos

II. METODOLOXÍA

III. LIMITACIÓNS AO ALCANCE

IV. ANÁLISE DO SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS

V. ESTADO E COMPROBACIÓN DA IMPLANTACIÓN DAS RECOMENDACIONES FORMULADAS POLO CONSELLO DE CONTAS

VI. CONCLUSIÓNS

ANEXOS

- Relación de informes de fiscalización do Consello de Contas onde se conteñen as recomendacións obxecto de seguimento.
- Cadro resume das recomendacións e grao de implantación

III.1.4. SECCIÓN DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto

lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, publicada no D.O.G. nº 164, do 28 de agosto de 2015, crea a Sección de Prevención da Corrupción no seu artigo 5bis.

Esta nova Sección na que se estrutura o Consello de Contas será presidida polo conselleiro maior e actuará asistida polo persoal do Consello.

A Lei 8/2015, establece as seguintes competencias na materia:

“a) Colaborar coas administracións suxeitas ao ámbito de actuación do Consello de Contas e facerlles propostas na elaboración de códigos de conduta e manuais internos de xestión de riscos que permitan garantir o comportamento ético dos xestores públicos.

b) Solicitar información ás administracións relativas aos seus sistemas de prevención da corrupción, comprobando o axeitado deseño e implantación das políticas de integridade e propoñendo melloras que garantan a transparencia e reduzan as oportunidades de fraude.

Neste sentido, deberá avaliar de xeito sistemático os plans de prevención de risco da corrupción que realicen as institucións e entes do sector público da Comunidade Autónoma, nos cales deberán analizar as actividades nas que se constate unha maior incidencia de risco.

c) Asesorar ao Parlamento, á Administración Autonómica e ás Administracións suxeitas ao ámbito de actuación do Consello de Contas sobre os instrumentos normativos ou internos de prevención e represión da corrupción.

d) Fomentar a conciencia e participación cidadá a favor da transparencia e o comportamento ético no sector público e impulsar dentro do sector privado o establecemento de mecanismos de autorregulación co fin de evitar prácticas irregulares, en particular nas empresas licitadoras e adjudicatarias de contratos, concesionarias de servizos públicos e beneficiarias de subvencións e axudas públicas.”

Conforme ao previsto no artigo 10.2 bis da Lei, a Sección “... elaborará un programa anual de actividades que elevará ao Pleno para a súa integración no plan de traballo do Consello de Contas.”

III.1.4.1. ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

Neste primeiro ano de vixencia, co gaio da posta en marcha da Sección de Prevención da Corrupción, dentro do Plan de Traballo de 2016, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Constitución da Sección de Prevención da Corrupción. Desenvolvemento regulamentario da súa estrutura, organización e réxime de funcionamento.

- Establecemento do procedemento de xestión de denuncias presentadas ante o Consello de Contas.
- Solicitude de información a todas as entidades que integran a Administración institucional de Galicia, sobre os sistemas de prevención, plans de prevención de riscos da corrupción no desenvolvemento das súas actividades e códigos éticos de funcionamento que teñan establecidos, en particular no ámbito da contratación, subvencións e concesións de servizos públicos.
- Control dos bens patrimoniais dos altos cargos da administración da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na Lei 8/2015.
- Fiscalización da actividade contractual das entidades instrumentais. Exercicio 2015, conforme ao detalle que figura no apartado que, de seguido, se detalla.

III.1.4.2. FISCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE CONTRACTUAL DAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS. EJERCICIO 2015

O Parlamento de Galicia, a través da Comisión permanente non lexislativa para as relación co Consello de Contas, na súa sesión do día 26 de marzo de 2015, recomendou *realizar un informe co obxecto de verificar o grao de cumprimento sobre a publicidade e transparencia levadas a cabo nos distintos procedementos de contratación das entidades instrumentais que conforman o sector público autonómico.*

Respondendo a esta recomendación formulada polo Parlamento, inclúese unha fiscalización do cumprimento das esixencias de transparencia e publicidade nas entidades instrumentais que se encadra no ámbito da nova Sección de Prevención da Corrupción, cuxa execución material será levada a cabo pola Área de Institucional, baixo a coordinación da Sección de Prevención da Corrupción.

A análise centrarase, fundamentalmente, na comprobación da observancia destes principios nas fases de licitación e adxudicación dos contratos, xa que nestas comprométese, en maior medida, a consecución da igualdade de trato aos licitadores, resultando fundamental o seu cumprimento para evitar discriminacións e restricións indebidas da concorrencia.

Obxectivo xeral

A fiscalización ten por obxectivo xeral analizar a transparencia na contratación das entidades instrumentais do sector público autonómico.

Obxectivos específicos

Os traballos de fiscalización orientaranse á consecución dos seguintes obxectivos específicos:

1. Analizar a organización dos procedementos e dos sistemas de control interno en materia de contratación comprobando a existencia de mecanismos que minimicen os riscos de corrupción.
2. Verificar a existencia dos instrumentos de transparencia nos termos requiridos pola normativa vixente e analizar a efectividade do dereito de acceso á información contractual.
3. Ofrecer información sobre o volume da contratación das entidades instrumentais e os procedementos de adxudicación utilizados.
4. Comprobar o cumprimento da obriga de remitir a documentación contractual nos termos previstos no artigo 29 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
5. Revisar o cumprimento das obrigas de publicidade das licitacións e adxudicacións.
6. Verificar a existencia e a aprobación das instrucións internas de contratación polos órganos competentes.
7. Comprobar que os procedementos utilizados se axustan á normativa aplicable analizando, en particular, aqueles aspectos que presenten singular risco (procedementos sen publicidade, detección de fraccionamentos, modificacións, convenios).
8. Comprobar a precisión e obxectividade na definición dos criterios de adxudicación, en particular daqueles que dependen dun xuízo de valor, e das regras de valoración establecidas nos pregos de cláusulas administrativas.
9. Analizar a axeitada motivación das adxudicacións efectuadas.
10. Ofrecer información sobre as reclamacións e recursos en materia de contratación administrativa.

Alcance

O alcance da actuación virá determinado polos seguintes parámetros:

1. Ámbito subxectivo

A fiscalización inclúe as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia que ostentan a condición de poder adxudicador, excluindo aquelas que se integran no ámbito de fiscalización da Área do SERGAS.

2. Ámbito obxectivo

A verificación do cumprimento da obriga de transparencia e publicidade abranguerá a fase de licitación e adxudicación dos contratos, sen prexuízo de analizar a documentación correspondente aos trámites posteriores se fose preciso para alcanzar os obxectivos da fiscalización. As comprobacións realizaranse sobre unha mostraxe das entidades instrumentais que se concretará en función da información proporcionada por cada entidade sobre a contratación realizada no exercicio fiscalizado.

3. Ámbito temporal

A fiscalización alcanzará a actividade contractual realizada no exercicio 2015, podendo estenderse a exercicios anteriores ou posteriores naqueles supostos que resulte necesario para cumprir cos obxectivos da fiscalización.

III.2. ÁREA DE CONTA XERAL

III.2.1. INTRODUCCIÓN

De acordo co artigo 53 do Estatuto de Autonomía de Galicia, as contas da Comunidade Autónoma réndense ante o Consello de Contas, e de conformidade coas funcións e criterios enunciados nos artigos 4 e 20 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, reguladora deste órgano estatutario, corresponde ao Consello de Contas o exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma co obxectivo, entre outros, de ofrecer ao Parlamento de Galicia unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación.

O citado artigo 20 da dita lei sinala que o Consello de Contas elaborará e elevará ao Parlamento unha memoria anual, que comprenderá unha análise da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e se estenderá á fiscalización da xestión económica da Comunidade.

A Conta Xeral, de conformidade co artigo 118 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (en adiante TRLRFOG), comprende as contas da Administración da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos de carácter administrativo, industrial, comercial, financeiro ou análogo, das sociedades públicas e demais entes públicos, e a Conta do Patrimonio da Comunidade e dos seus organismos autónomos.

Este artigo vese afectado pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que se ben non modifica expresamente aquel precepto, si realiza unha regulación das entidades autonómicas, que clasifica

en: organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais, consorcios autonómicos, sociedades mercantís públicas autonómicas, fundacións do sector público autonómico e entidades públicas instrumentais de consulta e asesoramento.

De feito, a Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014, incorpora no perímetro orzamentario esta nova clasificación, e as contas destas entidades tamén se incorporan á Conta Xeral da Comunidade Autónoma do ano 2014.

III.2.2. ALCANCE DAS ACTUACIÓNS DE FISCALIZACIÓN

O **ámbito obxectivo** da fiscalización abrangue a revisión da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e dos distintos programas, así como os capítulos de ingresos e gastos contidos nos orzamentos da Administración xeral. *A Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia comprende tódalas operacións orzamentarias, patrimoniais e de tesourería levadas a cabo durante o exercicio*, e formarase con base nos estados e documentos que determine a Consellería de Facenda e, en particular, polos seguintes:

- 1.- A liquidación do orzamento, especificando os créditos iniciais e as súas modificacións, así como a liquidación dos estados de ingresos e gastos nas súas distintas fases de xestión orzamentaria.
- 2.- Un estado demostrativo dos compromisos de gasto adquiridos con cargo a exercicios futuros.
- 3.- Un estado demostrativo da evolución e situación dos valores que se deben cobrar e das obrigas que se deben pagar procedentes de exercicios anteriores.
- 4.- A Conta Xeral de Tesourería, que poña de manifesto a súa situación e as operacións realizadas durante o exercicio.
- 5.- A Conta Xeral do endebedamento público.
- 6.- O resultado do exercicio económico, que recollerá a determinación do superávit ou déficit da liquidación do orzamento, o remanente de tesourería resultante, e a variación dos activos e pasivos financeiros.

Por outra parte, a documentación integrante da Conta Xeral da Comunidade presentarase, segundo o disposto na Orde do 28 de novembro de 2001, pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, a través das Contas Anuais, que comprenden o balance, a conta do resultado patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser redactados con claridade e amosar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico-patrimonial e da execución do seu orzamento.

O **ámbito temporal** do programa de traballo comprende a actividade económico-financieira e orzamentaria desenvolvida durante o exercicio 2014, podendo estenderse aos antecedentes que orixinaran os feitos económicos revisados e aos feitos posteriores que garden relación coa actividade fiscalizada.

O **ámbito subxectivo** da fiscalización comprende a actividade económico-financieira e orzamentaria desenvolvida polos distintos centros e entidades que integran a Administración da Comunidade Autónoma.

III.2.3. OBXECTIVOS

De acordo coa Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, o obxectivo básico da análise e fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma consiste en ofrecer ao Parlamento de Galicia os elementos de xuízo necesarios e suficientes que lle permitan proceder de acordo co previsto no artigo 121.2 do TRLRFOG, que establece o seguinte: *“A Conta Xeral da Comunidade Autónoma deberá ser aprobada polo Parlamento de Galicia para efectos de dar cumprimento ao disposto na liña b) do artigo 10 do Estatuto de Autonomía”*.

A análise, comprobación e fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma realizarase contemplando os seguintes obxectivos :

- 1.- Análise de legalidade e regularidade da actividade económico-financieira, verificando que os actos, operacións e procedementos de xestión económica se realizaron de conformidade coa normativa aplicable.
- 2.- Análise da xestión económico-financieira que comprenderá a verificación e comprobación da información que subministran a contabilidade, os estados e contas anuais e demais informes de xestión, que no seu conxunto deben expresar fielmente o resultado económico-patrimonial do exercicio, de acordo coas normas e principios contables xeralmente aceptados, e a súa adaptación á información que, de acordo coa normativa de aplicación, debe render a Administración xeral da Xunta de Galicia.
- 3.- Análise da adecuación da actividade económico-financieira da Administración ao principio de racionalidade, así como a avaliación da eficiencia no logro dos obxectivos previstos.

Ademais, como se ten sinalado, o obxectivo xeral dos traballos de fiscalización deberá permitir expresar unha opinión sobre o cumprimento da normativa vixente en materia de xestión de fondos públicos, sobre a racionalidade na execución do gasto baseada en criterios de economía, eficacia e eficiencia, e sobre o sometemento da documentación financeira presentada aos principios contables que resulten de aplicación. Verificarase a existencia dun control interno eficaz ao servizo do logro

dos obxectivos previstos, da custodia dos recursos, do cumprimento das normas de aplicación e da obtención de información fiable.

III.2.4. DECLARACIÓN DEFINITIVA SOBRE A CONTA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Ámbito

A Conta Xeral da Comunidade Autónoma comprende tódalas operacións orzamentarias, patrimoniais e de tesourería levadas a cabo durante o exercicio, e está integrada pola conta da Administración xeral, as contas dos organismos autónomos, as contas das sociedades públicas e demais entes públicos e as do sector fundacional.

O ámbito subxectivo que integra o denominado sector público delimitase, con carácter xeral, para as Comunidades Autónomas, pola súa Administración e polos entes e organismos públicos dependentes daquela que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

Respecto dos diferentes tipos de entidades que integran os orzamentos sectorizados da Comunidade Autónoma, cabe destacar dúas agrupacións básicas:

- *Entidades con orzamentos limitativos*: a Administración xeral, os organismos autónomos, as entidades públicas instrumentais de consulta e asesoramento e as axencias públicas autonómicas.
- *Entidades con orzamentos estimativos*: os consorcios autonómicos, as sociedades públicas mercantís, as entidades públicas empresariais e as fundacións do sector público autonómico.

En función da regulamentación e ordenación normativa que establece a Comunidade Autónoma para as diferentes entidades, e dunha ordenación homoxénea a partir da análise do réxime orzamentario e contable que se desprende das contas rendidas polas entidades, delimitanse os seguintes subsectores integrantes do Sector Público autonómico:

a) Subsector administrativo

Está integrado pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e polas entidades públicas sometidas preferentemente ao dereito público en canto ao seu réxime administrativo, contable e económico-financeiro. Os seus orzamentos teñen carácter limitativo e vinculante. O seu réxime contable réxese polos principios contables públicos, adecuando ademais as súas contas ao Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

b) Subsector sociedades públicas e entidades públicas empresariais

Está constituído polas entidades instrumentais que se rexen polo dereito privado en canto ao seu réxime de organización e funcionamento. Os seus orzamentos teñen carácter estimativo. O réxime contable sométese aos principios e normas contidos no Plan Xeral de Contabilidade da empresa privada, salvo no caso das entidades públicas empresariais, que maioritariamente seguen o Plan xeral de contabilidade pública de Galicia.

c) Subsector fundacional

Está integrado polas entidades de natureza fundacional, e presentan un réxime similar ao previsto para o subsector sociedades públicas, con aplicación do réxime contable establecido nas adaptacións para as entidades sen fins de lucro do Plan Xeral de Contabilidade da empresa privada.

Declaración definitiva

O artigo 25 da Lei 6/1985, do Consello de Contas, sinala que *"O Consello de Contas, por delegación do Parlamento de Galicia, procederá ao exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma dentro do prazo de 6 meses, a partir da data na que se rendese. O Pleno ditará a declaración definitiva que lle mereza para elevala ao Parlamento coa oportuna proposta, dando traslado á Xunta de Galicia, a cal deberá dispo-la publicación das conclusións no Diario Oficial de Galicia"*.

Consonte con este precepto, corresponde ao Consello de Contas ditar a Declaración definitiva sobre a Conta Xeral da Comunidade Autónoma na que se exprese unha opinión sobre a representatividade xeral dos estados contables incluídos nela.

Aos efectos da declaración definitiva, a análise a desenvolver realizarase a partir dos resultados dos traballos de fiscalización da Conta da Administración xeral, da Conta do SERGAS, e das Contas das entidades da Administración institucional que realicen as áreas respectivas deste Consello de Contas. Para iso tomaranse en consideración os resultados dos traballos de fiscalización, levados a cabo segundo as previsións incluídas no Plan de Traballo do Consello de Contas para o exercicio 2016.

En calquera caso, de cara a emitir unha opinión sobre a integridade e fiabilidade das contas presentadas e sobre a situación económica do Sector Público autonómico, establécense os seguintes obxectivos xerais:

◆ Na medida en que sexa posible, abordarase unha análise das distintas formas organizativas que ten asumido a Administración xeral para a prestación dos diferentes servizos de xeito descentralizado, aos efectos de avaliar a racionalidade na asignación de recursos e programas aos diferentes departamentos administrativos e organismos autónomos, detectando posibles

duplicidades, sobredotacións ou escasezas de medios en relación coas funcións, obxectivos e programas a desenvolver por cada un deles.

- ◆ A revisión formal das contas das diferentes entidades integrantes do subsector administrativo aos efectos de determinar o grao de cumprimento das normas e disposicións que lles son de aplicación no que se refire á formulación, aprobación e rendición das súas Contas Anuais, verificando se o contido das contas se axusta ao establecido nas normas de aplicación.
- ◆ A revisión dos estados de consolidación dos orzamentos das entidades que integran o subsector administrativo, analizando a súa situación económico-financeira a través da revisión das liquidacións dos orzamentos e dos seus estados financeiros, verificando a corrección das operacións de axuste das transferencias internas entre as distintas entidades, e analizando as principais magnitudes orzamentarias e financeiras consolidadas.
- ◆ Aos efectos de acadar unha visión global e completa do Sector Público autonómico no marco dos traballos de fiscalización da Conta Xeral da Administración autonómica, os resultados da revisión do subsector administrativo integraranse cos obtidos do exame do subsector de sociedades públicas e entes e do subsector fundacional.

III.2.5. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

A planificación e realización dos traballos de fiscalización levaranse a cabo de acordo cos obxectivos descritos, a fin de obter as evidencias adecuadas e suficientes para poder emitir unha opinión sobre os aspectos descritos no artigo 4 da Lei 6/1985, do Consello de Contas de Galicia.

O Plan de actuación da Área de Conta Xeral intégrase polos seguintes traballos:

1. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2014.

Informes selectivos:

2. Informe de fiscalización do programa de gasto 713E – Benestar Animal e Sanidade Vexetal.
3. Informe de fiscalización do gasto en centros residenciais de atención ás persoas maiores dependentes e persoas con discapacidade.
4. Informe de fiscalización de ingresos non tributarios da Comunidade Autónoma. Exercicio 2014.
5. Informe de fiscalización da Conta de Tesourería da Comunidade Autónoma. Exercicio 2014.

III.2.5.1. INFORME DE FISCALIZACIÓN DA CONTA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014

A fiscalización da Conta Xeral fórmulase cos seguintes obxectivos:

- ◆ Determinar se se presentou de conformidade coas normas que lle son de aplicación no que respecta a prazos, estrutura e contido.
- ◆ Comprobar que as distintas contas parciais que a integran son coherentes entre si e tamén coa documentación complementaria e estados intermedios que serven de base para a súa formación.
- ◆ Determinar se se axusta aos principios e normas previstos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia e ofrece a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración, completando o contido da Conta nos casos nos que se estime necesario.
- ◆ Comprobar se as contas anuais, estados e demais informes de xestión reflicten axeitadamente a situación financeira e patrimonial, o resultado económico-patrimonial do exercicio e a liquidación do orzamento.

Para o cumprimento dos obxectivos, esta fiscalización abranguerá os seguintes aspectos que servirán para estruturar os resultados do traballo:

- Ámbito dos orzamentos da Comunidade Autónoma e da súa liquidación, que incluírá unha análise da información consolidada ou agregada do sector público autonómico ofrecida tanto na fase de elaboración como na liquidación dos orzamentos, aos efectos de ofrecer un coñecemento completo da actividade de todo o sector público autonómico.
- Liquidación do orzamento, realizándose unha análise dos gastos e ingresos orzamentarios, a fiscalización das modificacións orzamentarias realizadas no exercicio e do seu financiamento, e a análise do comportamento que tiveron as magnitudes que integran o sistema de financiamento autonómico.
- Contabilidade económico-patrimonial, que incluírá a fiscalización do balance de situación, a conta do resultado económico-patrimonial e a memoria da Administración xeral.
- Magnitudes financeiras relevantes, a través da fiscalización das magnitudes que reflicten a situación orzamentaria e financeira da Administración xeral e a consolidada cos seus organismos autónomos. As magnitudes a analizar serán o resultado orzamentario, o remanente de tesourería, a conta xeral de tesourería, o endebedamento e avais, e os compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros.
- Conclusións e recomendacións e seguimento das recomendacións formuladas polo Consello de Contas, que incluírá os principais resultados do traballo e as recomendacións e propostas de

mellora, así como a revisión da implantación das recomendacións formuladas nos informes de exercicios anteriores aos efectos de dar cumprimento á esixencia establecida no artigo 2.3 da Lei 6/1985, do Consello de Contas de Galicia, introducida pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, e sen prexuízo da integración dos resultados desta revisión no informe transversal sobre o seguimento de recomendacións que se inclúe neste mesmo plan de traballo.

Ademais, co alcance e os obxectivos que se determinan no apartado IV deste Programa de traballo, elaborárase a partir das contas da Administración xeral, da conta do SERGAS e das contas das entidades da Administración institucional a Declaración definitiva sobre a Conta Xeral da Comunidade Autónoma.

III.2.5.2. INFORME DE FISCALIZACIÓN DO PROGRAMA DE GASTO 713E – BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL

III.2.5.2.1. ÁMBITO DA FISCALIZACIÓN E AVALIACIÓN DE POLÍTICAS PÚBLICAS

O ámbito da fiscalización e avaliación proposto circunscríbese ao programa de gasto *713E Benestar animal e sanidade vexetal*. Trátase dun programa cunha dotación orzamentaria anual promedia en torno a 45 millóns de euros, desenvolvido pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

A continuación inclúese unha descrición do mesmo con referencia ás necesidades, finalidades e beneficiarios que o programa trata de atender.

NECESIDADES QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa trata de incrementar a rendibilidade das explotacións mediante a loita contra os axentes nocivos, o control da calidade e a seguridade alimentaria das producións, e reducindo ao mínimo o seu impacto no medio de tal xeito que sexan debidamente tratados os residuos e se garanta unha calidade sanitaria para as persoas consumidoras.

Sendo o subsector gandeiro o primeiro aporte á produción final agraria galega, razóns de tipo socioeconómico e sanitario obrigan a poñer en marcha programas que permitan diminuír as perdas económicas causadas polas enfermidades animais, protexendo a saúde pública e evitando a transmisión destas enfermidades, tanto ás persoas que conviven cos animais como ás consumidoras e consumidores dos produtos de orixe animal. O obxectivo final é acreditar o estado sanitario da totalidade da cabana de vacún, ovino e cabrún e a extensión dos programas sanitarios ao porcino, aves, sector apícola e visóns.

A sanidade vexetal constitúe igualmente un eixe fundamental na política sanitaria agraria. A prevención das pragas vexetais por medio das campañas de prospección obrigatoria e a loita contra

pragas coa destrución do material vexetal afectado conforman o primeiro grupo de accións, que se completa co apoio ás agrupacións de produtores para obter servizos de asesoramento cara a sistemas agrarios sustentables na mellora da sanidade dos seus cultivos e no cumprimento e certificación dos estándares existentes.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións no marco deste programa apuntan como beneficiarias últimas ás persoas agricultoras e gandeiras galegas con actividade produtiva a tempo completo ou parcial. As medidas de apoio canalízanse fundamentalmente en colaboración coas asociacións de produtoras/es, que se converten en catalizadores e protagonistas do proceso de consolidación económica da gandería.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

En tanto que Galicia ten competencias exclusivas en materia de gandería, o marco normativo responde ás esixencias comunitarias en materia de axudas do Estado e aos condicionantes da normativa sectorial comunitaria e estatal de carácter básico, e tamén ao marco normativo comunitario e estatal de sanidade vexetal e de seguridade alimentaria.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A estratexia do programa materialízase nas seguintes accións:

- Execución de programas obrigatorios de erradicación, loita e control de enfermidades animais (tuberculose e brucelose bovina) que teñen como base a normativa estatal enmarcada en programas para cada Estado aprobados pola Unión Europea.
- Programa de erradicación da brucelose ovina e cabrúa.
- Programa de vixilancia da Leucose Enzoótica Bovina e da Perineumonía Contaxiosa Bovina.
- Programas de vixilancia, control e erradicación das encefalopatías esponxiformes transmisibles (EETs): EEB, Scrapie; neste proxecto de loita e control sanitario das encefalopatías inclúense os gastos derivados dos labores de diagnóstico –para garantir que se descarta a presenza da enfermidade en cada canal de consumo–, do aseguramento da calidade inspectora nas explotacións gandeiras e das axudas ao sector por sacrificio e destrución de animais e os seus produtos.
- Plan sanitario do sector porcino e programa de control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.
- Plan sanitario avícola: plan de control e erradicación de salmoneloses aviáres, plan de control da influenza aviar.
- Programa de loita contra as enfermidades apícolas: enmarcado no Programa nacional de axudas á apicultura desenvolvido mediante un real decreto estatal en aplicación do previsto no

correspondente regulamento comunitario que recolle as distintas liñas de axuda a este sector cofinanciadas con fondos FEAGA.

- Programa de vixilancia e erradicación da Lingua Azul.
- Programas sanitarios facultativos: impulso, adaptación normativa e consolidación das agrupacións de defensa sanitaria gandeira en Galicia (ADSG) co obxecto de acadar niveis sanitarios superiores aos esixidos polos programas obrigatorios.
- Plan de vixilancia sanitaria na fauna silvestre, pola súa repercusión na sanidade dos animais de produción.
- Plans de control da aplicación da normativa de benestar dos animais.
- Implementación da estrutura e medios necesarios nos Servizos Veterinarios Oficiais para optimizar os procedementos de inspección e afrontar situacións de alertas sanitarias.
- Control da seguridade alimentaria das producións gandeiras mediante o mantemento dos programas actuais de alimentación animal, PNIR, medicamento veterinario, control de subprodutos de orixe animal, inspección da calidade do leite cru nas explotacións, e a aplicación da normativa europea de hixiene.
- Estruturación dentro dos Servizos Veterinarios Oficiais dunha Rede de Epidemio-Vixilancia que poña en valor a información dos programas sanitarios en funcionamento e que reduza o tempo que os produtores dedican á cumprimentación de rexistros e declaracións oficiais.
- Adaptación das explotacións ás novas normas comunitarias de sanidade animal e de rastrexabilidade das producións.
- Desenvolvemento da Oficina Agraria Virtual, como medio prioritario de simplificación e axilización das relacións coa Administración. O crecente desenvolvemento tecnolóxico, xunto coa evolución da estrutura socio-económica do sector agrario, esixe da Administración a optimización dos sistemas de xestión e relación cos administrados. A elección das canles web como vehículo de transmisión e recepción de información é unha obriga a afrontar no futuro inmediato, que alén da disposición dos medios esixe da Administración a adopción de novos procedementos de traballo máis eficaces e eficientes.
- Medidas para o fomento de métodos de produción compatibles co medio ambiente, como a agricultura e gandería ecolóxica, coa protección das persoas consumidoras e co obxectivo de facilitar o mantemento das rendas das produtoras e os produtores, asegurando a conservación do espazo natural. Para isto cómpre o desenvolvemento dun marco normativo que favoreza a obtención dun

produto de calidade sanitaria diferenciada en zonas determinadas (etiqueta de control de calidade de "producción integrada" ou "agricultura ecolóxica").

- Prevención e loita contra pragas dos diferentes organismos nocivos para os vexetais.
- Programas de vixilancia, control e erradicación das pragas de coretena de declaración obrigatoria producidas por *Bursaphelenchus xylophilus*, *Riinchoforus ferrogineus*, e *Epitrix*.
- Control de residuos nas producións vexetais.
- Revisión da maquinaria fitosanitaria.
- Axudas para a xestión de subprodutos animais non destinados a consumo humano.
- Apoio ás agrupacións de defensa fitosanitaria.

III.2.5.2.2. OBXECTIVOS E ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

Os obxectivos dos traballos son os propios dunha fiscalización operativa co obxecto de revisar, entre outros aspectos, os seguintes: a) a acreditación da necesidade do gasto e a eficacia das políticas deseñadas; b) a coherencia dos obxectivos xerais coas medidas concretas de intervención; c) os aspectos procedimentais que inciden no cumprimento dos obxectivos; d) os estudos de impacto da política aplicada.

Ao tratarse dun conxunto de intervencións públicas articuladas a través dun programa de gasto específico executado de forma recorrente ao longo de varios anos, sobre sectores importantes da economía galega como son o agropecuario e o forestal, nun contexto especialmente difícil e complicado como é o da crise económica, trataríase de verificar en que medida o programa e as súas medidas conseguiron os obxectivos de fortalecer o sector agrogandeiro e actuar de contención dos efectos negativos derivados do contexto de crise económica.

III.2.5.2.3. AVANCE DO PROGRAMA DE FISCALIZACIÓN

Seguindo o esquema dunha auditoría operativa, os principais aspectos a considerar na análise conxunta do PROGRAMA desenvolvido ao longo do exercicio 2014 serían os seguintes:

a) Xustificación do PROGRAMA (intervención pública estratéxica)

- Diagnose do Sector
- Planificación estratéxica na que se enmarca
- Financiamento dispoñible e condicionamento da política pública deseñada
- Establecemento de obxectivos

- Alternativas consideradas

b) A implementación do PROGRAMA (no marco operativo)

- A súa instrumentación procedimental

- A execución dos Programas e das Medidas (cumprimento de prazos)

- Análise de regularidade das distintas liñas de axudas

c) A avaliación e o impacto do PROGRAMA (no escenario plurianual 2010-2014)

- A avaliación pola Administración

- A análise do impacto sobre os beneficiarios

- Evolución do Sector e dos beneficiarios

- Análise de regularidade das distintas liñas de axudas

III.2.5.3. INFORME DE FISCALIZACIÓN DO GASTO EN CENTROS RESIDENCIAIS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DEPENDENTES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE

III.2.5.3.1. XUSTIFICACIÓN DO TRABALLO

O artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, formula, como un dos obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais, "Garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, para eses efectos, o catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia".

A dependencia pode afectar a calquera persoa, porén coa idade aumentan os problemas de saúde e, con eles, as posibilidades de atoparse en situación de dependencia. A situación demográfica de Galicia, caracterizada por unha poboación moi envellecida, determina que un dos obxectivos da política social da Xunta deba ser o de garantir o benestar e a calidade de vida das persoas maiores de 65 anos, que supoñen o 22% do total da poboación total de Galicia.

Neste ámbito, o Plan Galego das persoas maiores 2010-2013, con horizonte no 2015, nace coa finalidade principal de establecer e deseñar, coordinar e planificar estratexicamente o conxunto de actuacións, programas e recursos orientados a atender as necesidades e demandas das persoas maiores en Galicia no período temporal 2010-2015.

A fiscalización xustifícase pola importancia das políticas sociais para mellorar os sistemas de protección ás persoas dependentes e con discapacidade, ás que se destinan ano tras ano un importante volume de recursos nos programas orzamentarios *312D Servizos sociais de atención ás*

persoas dependentes e 312E Servizos sociais de atención a persoas maiores con discapacidade. A análise refírese aos servizos de atención residencial como parte integrante da atención á dependencia, non abordados no anterior informe deste Consello de Contas relativo ás prestacións económicas concedidas en aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

III.2.5.3.2. OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN

O traballo centrarase nos servizos de atención residencial ás persoas en situación de dependencia e persoas con discapacidade nos centros residenciais públicos e privados concertados, destinatarias da maior parte dos esforzos orzamentarios.

Entre os obxectivos da fiscalización sinálanse os seguintes:

- Análise da evolución do gasto público autonómico nesta materia, tendo en conta o financiamento dispoñible, e análise comparativa respecto do gasto destinado a este servizo noutras Comunidades Autónomas.
- Análise das previsións das medidas e actuacións establecidas no Plan estratéxico de Galicia 2010-2014 para as persoas maiores e dependentes, no referido ao mantemento e creación de novas prazas residenciais.
- Coherencia da planificación estratéxica coa planificación sectorial, en particular co Plan Galego das persoas maiores 2010-2013. Comprobaranse e analizaranse os informes anuais de seguimento e avaliación e impacto do Plan elaborados pola Consellería.
- Comprobación de que os procedementos de xestión e control se desenvolven de acordo coas normas de aplicación.
- Verificación da eficacia, eficiencia e economía acadada cos fondos públicos cos que se financian os servizos de atención residencial ás persoas maiores e dependentes, con independencia do tipo de xestión elixido para a prestación do servizo.
- Análise do peso do gasto público en servizos de residencia fronte ao gasto en pago de prestacións a cuidadores non profesionais no ámbito familiar.
- Evolución do número de prazas e distribución porcentual segundo a súa titularidade.
- Verificación do nivel de ocupación das prazas residenciais.

III.2.5.3.3. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

A análise da evolución do gasto efectuarase sobre un período temporal amplo que abranga cando menos a execución desde o exercicio 2010. A análise das medidas e actuacións referirase ao

exercicio 2014, porén cando os obxectivos establecidos o requiran, estenderase indistintamente aos exercicios anteriores dos que traian causa os expedientes analizados, ou a feitos posteriores que tiveran causalidade no exercicio fiscalizado.

III.2.5.4. INFORME DE FISCALIZACIÓN DE INGRESOS NON TRIBUTARIOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA. EXERCICIO 2014

III.2.5.4.1. XUSTIFICACION DO TRABALLO

O informe da Conta Xeral da Comunidade Autónoma vén diferenciando os recursos recollidos na liquidación orzamentaria por categorías económicas: ingresos tributarios, transferencias e subvencións, ingresos financeiros e outros ingresos.

Neste último grupo inclúense recursos públicos que proceden de diversas fontes: ingresos patrimoniais (capítulo V), alleamento de investimentos reais (capítulo VI), e os ingresos non tributarios do capítulo III.

Estes ingresos alcanzaron 130,6 millóns de euros no exercicio 2013 e 109,1 millóns no 2014.

Este traballo obedece á finalidade de profundizar na análise de regularidade dos distintos epígrafes que integran o informe da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, no que se tratan os aspectos básicos da evolución e xestión orzamentaria dos distintos capítulos de ingresos.

Se os resultados do traballos non tiveran entidade suficiente para a súa presentación nun informe independente, presentaranse integrados no informe da Conta Xeral da Comunidade Autónoma.

III.2.5.4.2. OBXECTIVOS

O obxectivo xeneral que persegue a fiscalización é o de comprobar que a xestión e recadación polos centros da Administración autonómica se efectúa de acordo coa normativa vixente e que os procedementos aplicados son adecuados para asegurar o seu control.

En consecuencia, a presente fiscalización está orientada a comprobar, por unha banda, a existencia tanto de normativa como de procedementos axustados a ela que garantan a fiabilidade da información contable, a integridade da recadación e unha xestión eficiente e económica e, por outro, verificar que se cumpre a dita normativa.

Como obxectivos específicos destacarían:

- Determinar o grao de control interno do órgano xestor sobre o circuíto financeiro de ingresos.
- Determinar se o órgano xestor liquida e/ou recada e rexistra todos os dereitos cuxa xestión ten encomendada.

- Verificar que as liquidacións son efectuadas polo órgano competente e de acordo coa normativa que en cada caso resulta aplicable.
- Verificar que os ingresos son recadados utilizando o procedemento e o circuito financeiro establecido en cada caso pola normativa.
- Verificar o cumprimento dos prazos de ingreso nas contas do Tesouro Público.
- Verificar que as anulacións de liquidacións, os adiamentos e fraccionamentos, suspensións, devolucións e extincións de liquidacións están amparados en actos administrativos ditados por órgano competente e que se efectuaron de acordo co establecido nas normas aplicables.

III.2.5.4.3. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

O traballo refírese á liquidación do exercicio 2014. Versará sobre a análise daqueles aspectos xerais dos procedementos de xestión, contabilización e recadación dos ingresos non tributarios, así como unha fiscalización específica de determinados conceptos desa agrupación que pola súa contía se consideren relevantes.

Os procedementos empregados no desenvolvemento dos traballos comprenderán, principalmente, o exame da normativa reguladora dos ingresos a fiscalizar, a realización de entrevistas cos responsables, e a análise da documentación que se considere necesaria para o bo fin daqueles.

Os traballos relativos ao rexistro contable e á recadación destes ingresos desenvolveranse nos centros xestores afectados. As comprobacións referiranse, de acordo coa natureza da fiscalización realizada, aos sistemas e procedementos vixentes ao tempo de practicar as actuacións, ou a períodos anteriores cando a análise dun aspecto ou actuación así o requira.

III.2.5.5. INFORME DE FISCALIZACIÓN DA CONTA DE TESOURERÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA. EXERCICIO 2014.

III.2.5.5.1. XUSTIFICACIÓN DO TRABALLO

A Conta de Tesourería intégrase na Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma coa seguinte estrutura: a) a Conta de tesourería; b) o detalle das existencias de tesourería e valores ao inicio e ao final do exercicio e os ingresos e pagamentos efectuados ao longo deste; c) as actas de arqueo relativas aos distintos centros contables.

Ademais, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma remite unha relación da totalidade das contas abertas (co seu saldo) nas entidades financeiras a 31 de decembro de cada ano que comprenden, ademais das relativas ás 8 centrais contables, as contas correntes xestionadas polas

distintas habilitacións. O número de contas que figuran nas relacións remitidas era de 294 no exercicio 2013.

Estas contas de habilitación, así como as dos organismos autónomos, axencias, entidades públicas, sociedades públicas, fundacións e consorcios non figuran recollidas na Conta de Tesourería nin na contabilidade financeira da Administración xeral. Neste sentido, os informes da Conta Xeral da Comunidade Autónoma veñen incidindo en que, desde a perspectiva da obtención dunha maior transparencia e eficacia no control dos fondos públicos e da súa aplicación, resulta inaprazable a integración no sistema de información contable da totalidade das contas de habilitación.

Este traballo obedece á finalidade de profundizar na análise de regularidade dos distintos epígrafes que integran o informe da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, que nesta materia límitase a tratar os aspectos básicos da situación da tesourería.

Se os resultados do traballo non tiveran entidade suficiente para a súa presentación nun informe independente, presentaranse integrados no informe da Conta Xeral da Comunidade Autónoma.

III.2.5.5.2. OBXECTIVOS

A existencia dun control interno adecuado é imprescindible para salvagardar os activos de calquera entidade, sexa esta pública ou privada. Na área de tesourería, este control interno cobra aínda máis importancia debido a que a dispoñibilidade inmediata dos activos que a compoñen xera un maior risco de incidencias. Ademais resulta frecuente que os procedementos de xestión financeira das dispoñibilidades líquidas estean insuficientemente desenvolvidos e limitados a aspectos moi xerais, polo que a énfase no deseño de probas tende a verificar o grao de control interno existente e a fiabilidade dos estados que se deben render en virtude de normas legais. Así mesmo, préstase especial atención ao cumprimento da normativa no que respecta á autorización de contas e á utilización adecuada destas.

Os obxectivos específicos serían os seguintes:

- Verificar o establecemento por parte do órgano xestor dun adecuado plan de organización das caixas pagadoras coas que opera, xunto coas normas precisas para a xestión, autorización e operativa das transaccións que lles afectan.
- Analizar se os estados de situación de Tesourería foron rendidos polos respectivos caixeiros pagadores ou habilitados, estando asinados por eles e os xefes das unidades administrativas correspondentes, e inclúen todas as contas bancarias e caixas en efectivo do órgano xestor.
- Cerciorarse de que os saldos e operacións mostrados nos estados de situación de Tesourería coinciden cos rexistros contables (libros de caixa e bancos), e que non existen diferenzas entre eles.

- Asegurarse de que os saldos de bancos e caixas que se mostran nos seus distintos rexistros contables representan medios de pago realmente existentes en poder das entidades bancarias e do órgano xestor.
- Asegurarse de que as distintas contas bancarias cuxa titularidade corresponde ao órgano xestor se adaptan á regulación existente sobre contas correntes nos centros xestores.
- Comprobar que as existencias de efectivo nas caixas pagadoras se adaptan á regulación establecida polos centros e organismos públicos.
- Verificar que os pagos realizados, así como os ingresos recadados, se adaptan aos procedementos e prazos establecidos pola normativa de aplicación.
- No ámbito dos anticipos de caixa fixa e pagamentos a xustificar, trataríase de comprobar que os procesos de xestión e tramitación se adecúan á normativa vixente e aos principios que rexen unha boa xestión, en particular:
 - Determinar o grao de bondade do control interno nos procedementos utilizados polo xestor.
 - Comprobar que os procedementos responden á finalidade para a que foron establecidos, axilizando a xestión, sen obviar a legalidade e garantindo a óptima utilización dos recursos públicos.
 - Valorar a utilización destes procedementos tanto cuantitativamente, en canto ao volume de pagos así instrumentados, como cualitativamente, en canto á natureza dos gastos para os que se utilizan estes procedementos de pago.

III.2.5.5.3. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

O traballo refírese á Conta Xeral de tesourería do exercicio 2014.

III.3. ÁREA DO SERGAS

III.3.1. INTRODUCCIÓN

A fiscalización do Servizo Galego de Saúde e, en especial, da liquidación da súa Conta Xeral vén determinada baseándose no disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas. Este plan recolle as actuacións que a área ten previsto desenvolver durante o ano 2016.

O sistema sanitario constitúe un pilar básico na configuración do estado do benestar, absorbendo o gasto sanitario un importante e crecente volume de recursos, sometendo ao presuposto público a fortes tensións derivadas das dificultades para manter un equilibrio entre os recursos e as necesidades do sistema.

Especial relevancia adquire o desenvolvemento de axeitadas políticas que melloren a calidade e eficiencia na produción de servizos, incidindo na xestión de recursos humanos, na xestión de compras, na avaliación de tecnoloxías sanitarias, na ordenación e racionalización da demanda e na intensificación no control do gasto en medicamentos.

Neste escenario faise imprescindible afondar na revisión dos instrumentos de transparencia e control que contribúan á mellora na xestión dos recursos, procurando a suficiencia, sostenibilidade, equidade e racionalidade do sistema sanitario público.

III.3.2. ÁMBITO

O ámbito de fiscalización da Área do SERGAS esténdese aos centros que conforman o Organismo Autónomo, e as entidades que, integradas no sector público autonómico, se atopan vinculadas ao sistema sanitario.

A estrutura organizativa do Servizo Galego de Saúde foi obxecto dunha modificación substancial como resultado da aprobación do Decreto 168/2010, do 7 de outubro, que regula as estruturas de xestión integrada (EOXI) e que ten como finalidade a creación deste instrumento organizativo que asume con autonomía funcional e de forma integrada a xestión dos recursos, prestacións e programas de atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria como especializada, así como sociosanitaria e promoción e protección da saúde. Esta estrutura ordenase en torno a 7 EOXI (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo-Cervo-Monforte de Lemos, Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras, Pontevedra-O Salnés, Vigo) que se configuran como órganos de xestión sen personalidade xurídica integrados na organización do organismo autónomo.

As entidades vinculadas ao Sergas no ámbito funcional e operativo son as que a continuación se detallan:

Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía

Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

Fundación Centro de Transfusión de Galicia

Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica

Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

III.3.3. PLAN DE ACTUACIÓN

Atendendo ao ámbito descrito, as actuacións fiscalizadoras que se prevé desenvolver durante o ano 2016, son as seguintes:

III.3.3.1. FISCALIZACIÓN DA CONTA XERAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014

As actuacións fiscalizadoras da Conta Xeral estrutúranse en torno a tres áreas de traballo: área de análise do sistema de saúde, área de análise económico-financeira e área de xestión do Servizo Galego de Saúde.

ÁREA DE ANÁLISE DO SISTEMA DE SAÚDE

GASTO SANITARIO E FINANCIAMENTO

O gasto sanitario abórdase dende unha dobre perspectiva, orzamentaria e de gasto. A primeira recolle o conxunto de organismos e entidades que xestionan o gasto sanitario, en particular a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde nun orzamento consolidado. A segunda remítese ao Sergas cun análise do gasto real do organismo.

Así mesmo é obxecto do informe a análise do financiamento sanitario no marco do modelo de financiamento xeral da CA no que se integra.

ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN

En canto ao modelo organizativo, configurado como un instrumento fundamental para a xestión do sistema sanitario, abordarase a súa análise con especial incidencia nas modificacións que operan no exercicio.

ÁREA DE ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCIERA

RENDICIÓN DE CONTAS

Verificarase o cumprimento da normativa orzamentaria aplicable en relación co contido, aprobación e rendición da conta anual do Servizo Galego de Saúde relativa ao exercicio 2014.

LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

A fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde ten como obxectivo fundamental a análise da liquidación orzamentaria do exercicio, desenvolvéndose con similar formulación ao de anteriores fiscalizacións. Serán obxecto de análise os diferentes aspectos da execución do orzamento na súa dobre vertente de ingresos e gastos, co obxecto de determinar a situación económico-

financeira do organismo. Desenvolveranse especialmente actuacións respecto das modificacións orzamentarias e obrigas pendentes de recoñecer.

ÁREA DE XESTIÓN DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Desenvolverase o exame de diferentes aspectos da xestión do organismo autónomo, no que se establece a análise e evolución do gasto farmacéutico, obxecto de recomendación acordada na Comisión Permanente non legislativa para as relacións co Consello de Contas. Completarase coas actuacións desenvolvidas en fiscalizacións anteriores nas áreas de concertos, e dos instrumentos de relación e financiamento coas entidades vinculadas (fundacións e sociedades públicas). Procederase tamén ao exame da conta do patrimonio e da tesourería.

III.3.3.2. FISCALIZACIÓN SELECTIVA DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061 (FPUSG-061)

Estímase pertinente levar a cabo a fiscalización da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 por canto as restantes fundacións públicas sanitarias (FP Galega de Medicina Xenómica, Instituto Galego de Oftalmoloxía, Escola Galega de Administración Sanitaria e Centro de Transfusión de Galicia) foron obxecto das correspondentes auditorías nos exercicios precedentes e porque o último informe elaborado sobre esta entidade por esta Institución na súa función de control externo remóntase xa ao exercicio 2006.

Neste senso, a constitución como fundación pública da entidade Urxencias Sanitarias de Galicia-061, autorizouse mediante Decreto 172/1999, do 27 de maio, correspondéndolle a xestión da Central de Coordinación de Urxencias Médicas regulada na Orde do 9 de outubro de 1995, sendo clasificada de interese sanitario e adscrita á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais pola Orde do 3 de agosto de 1999 da Consellería de Presidencia e Administración Pública é declarada de interese galego pola Orde do 5 de outubro de 1999 da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

A FPUSG réxese polos seus Estatutos, recollidos no Decreto 276/2001, do 27 de setembro, de adaptación das fundacións sanitarias á disposición adicional sétima da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo.

Segundo os seus Estatutos a fundación ten xenericamente por obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, consultaría, docencia e investigación prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria en caso de emerxencia e urxencia sanitaria, así como no campo dos coidados críticos e na atención sociosanitaria, promovendo a eficacia, eficiencia e seguridade do sistema sanitario, atopándose tamén entre as súas finalidades, segundo o artigo 6 dos seus Estatutos, a xestión e coordinación da atención e transporte sanitario urxente de soporte vital básico e avanzado.

As actividades que constitúen o obxecto fundacional desenvólvense con suxeición aos criterios de planificación e coordinación e as directrices de carácter xeral emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde no ámbito das súas competencias.

OBXECTIVOS

Os obxectivos previstos para a realización desta auditoría son os seguintes:

- Verificar que as Contas Anuais se presentaron de acordo co plan de contabilidade e os principios contables que lle son de aplicación, que conteñen toda a información esixida e que os documentos que a integran son coherentes entre si.
- Determinar o grao de cumprimento das normas e disposicións respecto da formulación, aprobación e rendemento das contas.
- Análise do financiamento.
- Cumprimento da legalidade na área de persoal, analizando e verificando a contratación de acordo cos principios de publicidade, mérito e capacidade, que os importes percibidos e os incrementos salariais respectan a normativa e a existencia de informes que no seu caso procedan.
- Verificar que os procedementos de contratación respectan os principios de publicidade e concorrência así como a adecuación aos preceptos legais aplicables.
- Fiscalización da actividade.
- Comprobar o nivel de cumprimento dos obxectivos fixados e a adecuación da xestión aos principios de eficacia e eficiencia na execución das actuacións.

ALCANCE

O alcance da fiscalización refírese fundamentalmente a última conta rendida, no entanto, se os obxectivos desta fiscalización así o requiren, poderase estender aos exercicios anteriores que sexa preciso, así coma aos posteriores.

III.3.3.3. FISCALIZACIÓN SELECTIVA RELATIVA AO TRASLADO DE PACIENTES EN MEDIOS EXTRAORDINARIOS DE TRANSPORTE NON URXENTE

Esta fiscalización da prestación de transporte sanitario programado complementa á relativa á do transporte urxente de enfermos cuxo análise se desenvolve dentro da fiscalización da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 incluída neste plan de traballo.

OBXECTIVOS

Os obxectivos fundamentalmente perseguidos con esta actuación oriéntanse á análise e avaliación da prestación deste servizo con especial referencia aos seguintes extremos:

- Exame dos aspectos funcionais e organizativos
- Análise dos aspectos relativos á concertación e contratación do servizo
- Comprobación daqueles aspectos relativos á súa execución
- Análise da documentación emitida: xustificativa dos servizos efectuados e facturación
- Avaliación do control de calidade
- Análise do gasto e determinación de custos.

ÁMBITO DA FISCALIZACIÓN

Esténdese ao ámbito institucional do Sergas en canto á análise xeral do servizo contratado, circunscibíndose as comprobacións e verificacións a unha mostra de áreas sanitarias.

III.3.3.4. FISCALIZACIÓN SELECTIVA RELATIVA Á ÁREA DE FARMACIA HOSPITALARIA

FUNDAMENTACIÓN

A materia para analizar encádrase dentro do programa de fiscalizacións especiais de carácter selectivo como complemento da fiscalización da Conta Xeral do Sergas que regulamentariamente se vén rendendo, e atendendo de xeito particular a recomendación da Comisión Permanente non legislativa para as relacións co Consello de Contas en relación co gasto farmacéutico.

OBXECTIVOS

O Servizo de Farmacia Hospitalaria constitúe unha significativa e diferenciada área asistencial con especial incidencia no eficaz funcionamento do hospital, e a súa análise específica está xustificada, ademais, pola repercusión económica que da súa xestión se deriva. O volume de gasto que representa este tipo de subministración situouse, en 2014, ao redor dos 335 millóns de euros, en termos de obrigas recoñecidas (excluída a dispensación hospitalaria de medicamentos a pacientes ambulatorios).

O obxectivo desta fiscalización é tratar de avaliar a xestión do Servizo de Farmacia Hospitalaria nas distintas institucións, incidindo fundamentalmente nos seguintes extremos:

- Aspectos organizativos e funcionais da área.
- Réxime de adquisicións.
- Determinación do gasto.

ÁMBITO DA FISCALIZACIÓN

Esténdese ao ámbito hospitalario do Sergas en canto á análise xeral da información rexistrada nos distintos centros, circunscribíndose as comprobacións e verificacións a unha mostra de servizos de farmacia de determinadas institucións.

III.3.3.5. FISCALIZACIÓN DO CONCERTO CO HOSPITAL POVISA

O Hospital Povisa, S.A, hospital privado de alto equipamento técnico, encóntranse vinculado ao sistema sanitario público mediante un concerto singular de carácter substitutivo para a prestación da asistencia sanitaria especializada a un sector da poboación da área sanitaria de Vigo. A relación co sistema público é moi estreita, de tal xeito que os seus recursos incorpóranse como elementos fundamentais no proceso de planificación e xestión das prestacións, transcendendo o ámbito que se deriva do modelo clásico de concertación. O seu gasto acadou no exercicio 2013 o 36% do total do gasto en actividade concertada do Sergas. O vixente concerto formalizouse con data do 1 de setembro de 2014 por un importe de 600.480.000 euros para un período de oito anos, máis dous renovables anualmente.

En cumprimento da recomendación acordada na Comisión Permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas, acordouse a fiscalización do concerto con Povisa, cuxo alcance e obxectivos principais serían os seguintes:

- Análise evolutivo do concerto sanitario con Povisa. Realizarase un especial seguimento das observacións e recomendacións recollidas no informe de fiscalización emitido por esta institución.
- Revisión dos criterios que fundamentan a concertación dos servizos asistenciais co centro.
- Verificación da regularidade do procedemento de contratación, en especial a derivada da aplicación da normativa contractual e orzamentaria.
- Avaliación dos requisitos establecidos na función de compra e que se estruturan en torno a catro grandes apartados: definición da carteira de servizos e a súa distribución por liñas de actividade asistencial, establecemento do sistema de prezos, sistemas de control e supervisión, e indicadores para a medición da calidade das prestacións.
- Identificación dos principais riscos en relación coa xestión do concerto, en particular coa revisión dos procedementos de control e supervisión da actividade concertada, da súa xestión económico-orzamental, e da calidade asistencial.

III.4. ÁREA INSTITUCIONAL

III.4.1. INTRODUCCIÓN

A Área Institucional ten como obxectivo o control externo das entidades instrumentais da Administración xeral da Comunidade Autónoma. Estes entes, de conformidade co artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro de Organización, e Funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, adoptan formas xurídicas diversas: organismos autónomos, axencias públicas, entidades públicas empresariais, consorcios, sociedades mercantís e fundacións. Estas entidades, así como as Universidades e as corporacións de dereito público (Cámaras de Comercio e Confrarías de Pescadores) constitúen o ámbito subxectivo de fiscalización pola Área Institucional do Consello de Contas, excluído o SERGAS e as fundacións sanitarias que son obxecto de control polo Área do SERGAS.

Con carácter xeral, a razón empregada para xustificar a creación de entidades instrumentais é a maior eficiencia na prestación dos servizos públicos descentralizados. Porén, existen tamén críticas que sitúan na fuxida do dereito administrativo as razóns últimas do nacemento e proliferación das entidades dependentes. Por iso adquire especial valor a fiscalización deste ámbito do sector público co obxectivo de emitir unha opinión técnica sobre a verdadeira eficiencia conseguida nestes procesos de descentralización funcional e sobre a legalidade na xestión dos fondos públicos. Ademais, na actual situación de crise económica, unha das medidas adoptadas pola maior parte das administracións, entre elas a galega, ten sido a racionalización e simplificación do sector instrumental. Este proceso, suxire efectuar un seguimento dos plans aprobados e da súa aplicación efectiva comprobando o aforro ou custo das accións emprendidas, a legalidade dos procesos de reordenación, en particular en materia de persoal, e os obxectivos acadados coa reorganización.

III.4.2. PROPOSTA DE ACTUACIÓN

Durante o exercicio 2016 realizaranse os traballos seguintes:

- Informe sobre a actividade económica das entidades públicas dependentes. Exercicio 2014
- Fiscalización dos contratos de construción e xestión das autovías financiadas mediante peaxe en sombra
- Fiscalización da actividade contractual das entidades instrumentais. Esta actuación realízase por encomenda da Sección de Prevención da Corrupción.
- Fiscalización selectiva das fundacións do sector público autonómico

Actuacións pendentes correspondentes ao Plan de traballo de 2015:

- Fiscalización das Universidades públicas galegas. Exercicios 2013-2014
- Remate da fiscalización selectiva das Fundacións Feirais do Sector Público Autonómico. Exercicios 2011-2013
- Remate da fiscalización do Instituto Galego de Promoción Económica. Exercicios 2011-2013

III.4.2.1 INFORME SOBRE A ACTIVIDADE ECONÓMICA DAS ENTIDADES PÚBLICAS DEPENDENTES. EJERCICIO 2014

Este informe ten por obxecto analizar a actividade económico-financieira desenvolvida polas entidades dependentes no exercicio 2014. A súa estrutura e contido básico será o seguinte:

1. Delimitación do sector público instrumental. Analizarase a composición deste sector a través das distintas fontes existentes e achegaranse as principais características que o configuran. Incluirá unha cuantificación do peso das entidades dependentes no conxunto dos fondos públicos xestionados polo sector público autonómico. Comprobación da existencia de entidades dependentes non inventariadas. Avaliación e seguimento do plan de racionalización do sector público.
2. Rendición de contas, control e transparencia. Análise formal do cumprimento da obriga de rendición de contas ao Consello de Contas. Tamén se indicarán, no seu caso, as deficiencias na información contable rendida. Revisión dos sistemas de control establecidos sobre as entidades dependentes, en particular o control interno realizado pola Intervención Xeral. Revisión da información financeira e de xestión facilitada polas entidades instrumentais.
3. Situación económica e orzamentaria. Ofrecerá unha visión global sobre a situación económica do sector público instrumental. Dende unha perspectiva consolidada, incluirá, entre outros extremos, a capacidade ou necesidade de financiamento do sector no exercicio (déficit ou superávit), o grao de autofinanciamento (dependencia de fondos públicos), o endebedamento e a situación financeira a curto prazo e o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

III.4.2.2. FISCALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DAS AUTOVÍAS FINANCIADAS MEDIANTE PEAXE EN SOMBRA

No exercicio 2011 o Consello de Contas publicou un informe sobre as autovías construídas polo sistema de peaxe en sombra. Nese informe, entre outras cuestións, salientábase a necesidade de actualizar periodicamente a análise para efectuar un correcto seguimento da evolución destes

contratos de longa duración. O feito de que a Lei de orzamentos xerais da Comunidade para 2014 habilitara á Axencia Galega de Infraestruturas para restablecer o equilibrio económico dos concesionarios, risco xa alertado no informe elaborado polo Consello, fai oportuno a inclusión desta fiscalización no programa de traballo.

O obxectivo do traballo é o de analizar, dende unha perspectiva de legalidade, financeira e de emprego eficiente dos fondos, as infraestruturas construídas mediante estes contratos de concesión de obra pública actualizando a información contida no informe publicado en 2011 e incorporando todos aqueles feitos posteriores ao peche daquela fiscalización. Así, a fiscalización abranguerá os seguintes aspectos:

- Revisión da execución dos contratos e das obrigas económicas asumidas pola administración.
- Revisión do reparto entre as partes dos riscos de construción, demanda e dispoñibilidade no contrato e comprobación da súa aplicación efectiva.
- Análise orzamentaria e contable da fórmula empregada e incidencia da dita fórmula no cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.
- Análise económica e financeira das obrigas asumidas e do método elixido para a construción das infraestruturas mediante a comparación da alternativa pública coa público-privada.
- Análise e avaliación dos procesos de restablecemento do equilibrio económico dos concesionarios.

III.4.2.3. FISCALIZACIÓN SELECTIVA DAS FUNDACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

1. Introducción e ámbito competencial

Incorpórase ao plan de traballo do exercicio 2016, como complemento do traballo desenvolvido no plan de actuacións do exercicio 2015, a fiscalización das fundacións do Sector Público Autonómico de Galicia, excluídas as Fundación Feirais, as Sanitarias e as dependentes das Universidades.

O artigo 2 da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de Reforma da Lei 6/1985 do Consello de Contas de Galicia sinala que compoñen o Sector Público da Comunidade Autónoma a Administración Xeral da Comunidade e as Entidades Instrumentais do Sector Público Autonómico previstas na Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia; que na sección 3ª do seu Capítulo III "Outras Entidades Instrumentais", nos artigos 113 a 120 regula as Fundacións do Sector Público Autonómico.

Así, o artigo 113 da citada LOFAXGA sinala que:

- Son fundacións do sector público autonómico aquelas nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que se constitúan, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- b) Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 % por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- c) Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

Por outra parte o artigo 115.2 sinala que, o protectorado destas fundacións será exercido polo departamento da Xunta de Galicia que exerza as competencias correspondentes aos fins da fundación.

E, en relación co réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e control das fundacións do sector público autonómico sinalase no artigo 118 que é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Ámbito subxectivo

O ámbito subxectivo da fiscalización proposta está formado polo conxunto das Fundacións Públicas excluídas as Fundacións Feirais Públicas analizadas no plan de traballo do exercicio anterior de 2015, as Fundacións Públicas Sanitarias e as dependentes das Universidades Galegas. Así, o universo da fiscalización está composto polas 11 Fundacións Públicas incluídas nos orzamentos da Administracións da Xunta de Galicia do exercicio 2015 e aquelas outras non incluídas nos orzamentos pero que pertencen o Sector Público Autonómico de acordo co Inventario de Entes Instrumentais da Administración da Xunta de Galicia.

3. Ámbito Temporal

O ámbito temporal da fiscalización proposta correspóndese co exercicio 2015, sen prexuízo da ampliación das actuacións a aqueles antecedentes ou feitos posteriores que permitan a consecución dos obxectivos previstos.

4. Obxectivos da fiscalización

A fiscalización proposta inclúe un dobre obxectivo xeral:

a) Por unha parte, a análise individualizada de cada unha das entidades que comprende a revisión dos seguintes aspectos:

- Control formal da rendición das contas anuais, comprobando a súa adecuada formación e presentación.
- Análise das principais magnitudes económico-financeiras.
- Verificar se a actividade económico-financeira e a xestión dos fondos se axusta á normativa aplicable.
- Análise das distintas áreas de xestión e actividade, organización, planificación e control interno.

b) Análise da adaptación das Fundacións Públicas á Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do Sector Público Autonómico.

III.5. ÁREA DE CORPORACIÓNS LOCAIS

III.5.1. INTRODUCCIÓN

A Área de Corporacións Locais do Consello de Contas de Galicia ten como obxectivo o control externo das entidades locais de Comunidade Autónoma de Galicia

De acordo co artigo 53 do Estatuto de Autonomía de Galicia, as contas da Comunidade Autónoma réndense ante o Consello de Contas, e de conformidade coas funcións e criterios enunciados nos artigos 4 e 20 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, reguladora deste órgano estatutario, corresponde ao Consello de Contas a exame e comprobación das contas xerais das entidades locais e os seus organismos autónomos, así como as empresas públicas dependentes das ditas entidades, no ámbito competencial das institucións de autogoberno.

Igualmente, o artigo 223 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), tras determinar a competencia, procedemento e prazos, establece que a fiscalización externa das contas e da xestión económica das entidades locais e de todos os organismos dependentes é función propia do Tribunal de Cuentas, referencia que se entende feita ao Consello de Contas por aplicación do artigo 223.4 do mesmo texto legal. A tal fin, as entidades locais remitirán ao citado Tribunal, antes do día 15 de outubro de cada exercicio, a conta xeral correspondente ao exercicio económico anterior.

III.5.2. AMBITO DA FISCALIZACIÓN

O **ámbito obxectivo** da fiscalización abarca a revisión da conta xeral das entidades locais, establecendo o devandito TRLRFL e as diversas Instrucións de contabilidade que determinan o seu

contido que a dita Conta Xeral estará formada pola conta xeral da propia entidade local así como pola conta de todos os organismos e sociedades dependentes, ao que se engadirá como documentación complementaria:

As actas de arqueo das existencias en caixa e as certificacións bancarias dos saldos existentes a fin de exercicio e, en caso de discrepancia, o oportuno estado conciliatorio.

As memorias xustificativas do custo e rendemento dos servizos públicos, e demostrativas do grao de cumprimento dos obxectivos programados, ás que se refire o artigo 211 do TRLRFL.

O **ámbito temporal** do programa de traballo comprende a actividade económico-financeira e orzamentaria desenvolvida durante o exercicio 2014, podendo estenderse aos antecedentes que orixinaran os feitos económicos revisados e a feitos posteriores que garden relación coa actividade fiscalizada.

O **ámbito subjectivo** da fiscalización comprende a actividade económico-financeira e orzamentaria desenvolvida polas entidades integrantes do sector local na Comunidade Autónoma de Galicia, que no exercicio 2014 está formado por:

- 4 Deputacións Provinciais.
- 314 Concellos.
- 24 Consorcios.
- 35 Mancomunidades.
- 9 Entidades Locais Menores.

III.5.3. OBXECTIVOS

Procederáse á análise da rendición das contas das Corporacións Locais e demais organismos, entidades e empresas integrantes do Sector Público Local de Galicia, co obxectivo de verificar que a presentación das contas se realiza en tempo e forma, e que se cumpren as formalidades esixidas pola normativa aplicable. Os resultados desta análise darán lugar á formación da conta xeral das entidades locais, integrando as contas remitidas por elas tomando como criterio de integración os ámbitos institucional e poboacional, así como ao informe do Sector Público Local de Galicia.

Por outra banda, dada a amplitude actual do sector público local de Galicia e a variedade de fiscalizacións a realizar, así como a limitación de recursos dispoñibles para tal finalidade, corresponden ao Consello de Contas, de acordo coa iniciativa que lle concede a súa lei de creación establecer os entes que serán fiscalizados cada ano, así como o tipo de auditoría a realizar.

Como resultado da posta en común das programacións anuais no ámbito local do Tribunal de

Cuentas e dos Órganos de Control Externo, acordouse que as fiscalizacións selectivas a realizar durante o exercicio 2016 concentrasen en entidades locais de tamaño poboacional superior a 75.000 habitantes, así como ás Deputacións Provinciais.

As tarefas que se programan neste Plano de Traballo darán lugar á documentación e memoria anual á que se refire a sección terceira da lei 6/1985, nas que se recollerá o resultado das actividades fiscalizadas e se proporán, no seu caso, as medidas a adoptar para mellorar a xestión económico financeira do sector público local de Galicia.

III.5.4. PROPOSTA DE ACTUACIÓN

Durante o exercicio 2016 realizaranse os traballos seguintes:

- Análise da rendición das Contas Xerais das entidades locais e notificación do estado de rendición, con proposta de corrección das anomalías detectadas.
- Informe da Conta Xeral das entidades locais. Exercicio 2014.
- Informes do Sector Público Local. Exercicio 2014.
- Fiscalización selectivas das resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados polas intervencións locais das Deputacións provinciais e dos concellos de poboación superior a 75.000 habitantes.
- Fiscalización selectiva de aqueles concellos do mesmo tramo de poboación (máis de 75.000 habitantes) nos que os recoñecementos extraxudiciais de obrigas supoñan unha maior porcentaxe respecto do total de obrigas recoñecidas durante o exercicio 2014.
- Informe sobre a estabilidade orzamentaria das entidades locais de Galicia.
- Informe da evolución temporal do endebedamento da Administración Local de Galicia.
- Remate das actuacións pendentes correspondentes a fiscalizacións do exercicio anterior.

III.5.4.1 ANÁLISE DA RENDICIÓN DAS CONTAS LOCAIS

Tras a firma do Convenio subscrito entre o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas de Galicia, que tivo lugar o 27 de xuño de 2011, o proceso de rendición de contas por parte das entidades locais de Galicia é único e realízase a través da Plataforma de Rendición de Contas. De acordo co establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, do Consello de Contas de Galicia, a Conta Xeral das Entidades Locais será rendida directamente ao Consello de Contas polo contadante responsable, no modelo e formato normalizado recomendado pola Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado do 28 de xullo de 2006.

Consecuentemente, o Consello de Contas procederá á verificación e supervisión do cumprimento por parte das entidades locais da obriga de rendición de contas, no soporte informático e o procedemento telemático establecido na Resolución do 26 de xullo de 2010 pola que se fai público o Acordo do Pleno do Tribunal de Cuentas do 20 de xullo de 2010, polo que se aproba a modificación da Instrución que regula estes extremos, e Resolución do Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia, do 14 de xuño de 2007.

Esta labor de verificación e supervisión da lugar á catalogación das contas recibidas nas categorías de contas rendidas en prazo ou fóra de prazo, documentación recibida con defectos de tal natureza que impiden a súa consideración como conta rendida, e contas non remitidas.

O resultado desta catalogación e a estatística correspondente será obxecto de publicación na web, no enderezo electrónico <http://www.consellodecontas.es/gl/menu-consello/sector-publico/sector-local>, para xeral coñecemento.

III.5.4.2. CONTA XERAL DAS ENTIDADES LOCAIS. EXERCICIO 2014

Consistirá na formación da conta xeral das entidades locais, integrando as contas remitidas polas mesmas tomando como criterio de integración os ámbitos institucionais e poboacionais, e incluirá:

- Balance de situación.
- Conta de resultado económico patrimonial.
- A liquidación do orzamento de ingresos e gastos.
- O resultado orzamentario.
- O remanente de tesourería.
- Endebedamento.
- Indicadores.

Ofrecerá unha visión global sobre a situación económica do sector público local, incluíndo a capacidade ou necesidade de financiamento do sector durante o exercicio, aforro bruto e neto xerado, resultados orzamentarios e remanentes de tesourería para gastos xerais dispoñibles.

Os informes agregados estarán dispoñibles a través do portal de rendición de contas do Consello de Contas de Galicia, no enderezo electrónico <http://www.consellodecontas.es/gl/menu-consello/sector-publico/sector-local>.

III.5.4.3. INFORME DO SECTOR PÚBLICO LOCAL. EXERCICIO 2014

Consistirá na análise da rendición das contas de cada Corporación local e organismos, entidades e

empresas dependentes, e incluírá:

- Análise da aprobación definitiva da conta anual.
- Análise da rendición das contas das entidades locais, co obxectivo de verificar que a presentación das contas se realiza en tempo e forma, e que se cumpren as formalidades esixidas pola normativa aplicable.
- Análise individualizado das contas das entidades locais.

Os informes individuais estarán dispoñibles a través do portal de rendición de contas do Consello de Contas de Galicia, no enderezo electrónico <http://www.consellodecontas.es/gl/menu-consello/sector-publico/sector-local>.

III.5.4.4. FISCALIZACIÓN DAS RESOLUCIÓN E ACORDOS CONTRARIOS AOS REPAROS FORMULADOS POLAS INTERVENCIÓN LOCAIS. CONCELLO DE MÁIS DE 75.000 HABITANTES

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, entre outro, modifica o artigo 218 do TRLRFL, establecendo que as intervencións locais estarán obrigadas a remitir anualmente ao Consello de Contas a documentación relativa a resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados.

O Consello de Contas de Galicia quere reforzar o control interno das entidades locais, mediante a análise dos reparos e informes efectuados polos interventores, de acordo co previsto nos artigos 215 y seguintes do TRLRFL, tendo en conta a debilidade da función interventora local, no senso de que carecen de órgano xerárquico superior no que apoiarse e teñen unha maior relación de dependencia (disciplinaria e retributiva) da administración local que fiscalizan.

Como resultado da posta en común das programacións anuais no ámbito local do Tribunal de Cuentas e dos Órganos de Control Externo, a fiscalización afectará ás entidades locais de tamaño poboacional superior a 75.000 habitantes, así como ás Deputacións Provinciais.

Consistirá en comprobar que a actividade económico financeira levada a cabo polos xestores das entidades locais é conforme coa normativa reguladora.

Con carácter previo, procederase á análise da información dispoñible sobre os reparos e dos recoñecementos extraxudiciais de créditos contida nas contas rendidas. As entidades locais afectadas pola fiscalización son as seguintes:

Tipo	Nome CIF	Habitantes	Nº Reparos
Concello	A Coruña - P1503000J	244.810	67
Concello	Ferrol - P1503700E	70.389	47
Concello	Lugo - P2702800J	98.560	16
Concello	Ourense - P3205500F	106.905	164
Concello	Pontevedra - P3603800H	82.946	281
Concello	Santiago de Compostela - P1507900G	95.800	62
Concello	Vigo - P3605700H	294.997	0
Deputación	A Coruña - P1500000C	1.132.735	356
Deputación	Lugo - P2700000I	342.748	0
Deputación	Ourense - P3200000B	322.293	2
Deputación	Pontevedra - P3600000H	950.919	0
Total			995

Procederáse á análise e clasificación dos diferentes acordos adoptados en contra dos reparos formulados polas intervencións locais, destacando aqueles que puidesen derivar en responsabilidade contable.

III.5.4.5. FISCALIZACIÓN SELECTIVA DE CONCELLOS EN FUNCIÓN DO VOLUME DE RECOÑECIMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE CRÉDITOS

Os artigos 173.5 e 176 do RDL 2/2004 impiden facer fronte aos compromisos de gastos adquiridos sen consignación orzamentaria por ser nulos de pleno dereito e prohiben como regra xeral que ao orzamento dun exercicio se imputen obrigas derivadas de prestacións realizadas no exercicio anterior. Dada esta situación, e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración, o artigo 60.2 RD 500/1990 establece que corresponde ao Pleno a competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos, precepto que debe interpretarse de xeito restritivo.

En relación a estas obrigas, a conta "(413) Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento" recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos que non se aplicaron ao orzamento sendo procedente dita aplicación. A persistencia de saldos na conta 413, tras o proceso de afloramento de facturas non pagadas que se produciron como consecuencia dos sucesivos plans de pago a provedores das entidades locais aprobados polo goberno de España, pon de manifesto a debilidade dos procedementos de xestión das entidades afectadas, e constitúe un indicador de risco a ter en conta á hora de seleccionar entidades a fiscalizar.

A selección de entidades locais a fiscalizar realízase en función da porcentaxe que supoñen os recoñecementos extraxudiciais de obrigas (REO) sobre o total de obrigas recoñecidas no exercicio. O número e identidade concreta das entidades locais determinarase modulando o criterio anterior con consideracións de non reiteración de fiscalización e de capacidade (en función dos medios persoais

dispoñibles no Consello de Contas), sen prexuízo da eventual consideración subsidiaria doutras circunstancias.

A relación potencial de entidades locais afectadas pola fiscalización é a seguinte:

Tipo	Nome CIF	Habitantes	REO	O	%
Concello	A Coruña - P1503000J	244.810	3.949.513,71	248.870.698,24	1,59%
Concello	Ferrol - P1503700E	70.389	6.320.694,81	56.272.934,47	11,23%
Concello	Lugo - P2702800J	98.560	2.009.466,16	78.529.270,04	2,56%
Concello	Ourense - P3205500F	106.905	6.900.001,06	101.411.925,65	6,80%
Concello	Pontevedra - P3603800H	82.946	35.261,00	73.305.750,46	0,05%
Concello	Santiago de Compostela - P1507900G	95.800	4.424.030,38	100.857.795,03	4,39%
Concello	Vigo - P3605700H	294.997	0,00	244.509.131,49	0,00%
Deputación	A Coruña - P1500000C	1.132.735	5.044,37	170.138.220,02	0,00%
Deputación	Lugo - P2700000I	342.748	0,00	79.395.618,48	0,00%
Deputación	Ourense - P3200000B	322.293	157.973,63	70.839.248,71	0,22%
Deputación	Pontevedra - P3600000H	950.919	929.130,27	139.878.469,26	0,66%
Media do tramo considerado					1,81%

A fiscalización de regularidade contable realizarase sobre as contas anuais ou os estados contables da entidade fiscalizada, e incluírá a revisión do cumprimento da normativa aplicable nas áreas seleccionadas para a fiscalización en función dos riscos detectados (orçamento, ingresos de dereito público, endebedamento e operacións financeiras, persoal, contratación de obras servizos e subministracións, ou concesión de subvencións).

III.5.4.6. INFORME SOBRE A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DAS CORPORACIÓNS LOCAIS DE GALICIA

A petición do Parlamento de Galicia, incorpórase ao plano de traballo do exercicio 2016 a realización dun informe sobre a estabilidade orzamentaria das entidades locais de Galicia.

O informe ofrecerá unha visión global sobre o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A normativa de estabilidade orzamentaria resulta de aplicación ao subsector das corporacións locais, que está integrado polas propias entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes dependentes que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

A avaliación da estabilidade orzamentaria das entidades locais mídese polo saldo orzamentario non financeiro (que se obtén por diferenza entre os ingresos e gastos non financeiros), saldo ao que se lle aplicarán os axustes correspondentes para reflectir a devandita magnitude en termos de contabilidade nacional.

Da información dispoñible ao momento de elaborar este plano de traballo dedúcese que, se ben a nivel agregado o subsector local de Galicia presenta un saldo orzamentario non financeiro positivo, a análise individual amosa un total de 45 entidades locais que, a falta de que se practiquen os axustes de contabilidade nacional, presentan un saldo non financeiro negativo.

III.5.4.7. INFORME SOBRE O ENDEBEDAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

A petición do Parlamento de Galicia, incorpórase ao plano de traballo do exercicio 2016 a realización dun informe sobre o endebedamento das entidades locais de Galicia.

Realizarase unha análise global da evolución do endebedamento local subscrito polas entidades locais de Galicia, a partir da información dispoñible nas contas xerais rendidas, abarcando o ámbito da fiscalización á totalidade das operacións de endebedamento do sector local galego concertadas no exercicio 2014. Non obstante, cando os obxectivos establecidos o requiran, estenderase indistintamente aos distintos exercicios anteriores dos que traian causa os expedientes analizados, ou a feitos acontecidos con posterioridade que tivesen causalidade no exercicio fiscalizado.

Os obxectivos xerais da fiscalización oriéntanse á verificación do cumprimento da normativa pública en materia de concertación de operacións de crédito, particularmente do cumprimento dos límites e réxime de autorizacións establecidos pola normativa na materia, así como da aplicación dos recursos do endebedamento ó financiamento de gastos de capital.

III.5.4.8. REMATE DAS ACTUACIÓNS PENDENTES DO EXERCICIO ANTERIOR

Dentro de este epígrafe inclúese o remate das fiscalizacións en curso do plano anual de traballo do exercicio 2015, correspondentes ás fiscalizacións selectivas de concellos en función do seu volume de recoñecemento extraxudicial de créditos e que afecta as seguintes entidades locais.

Nome CIF	Habitantes	Importe REO	O	%
Ames - P1500200I	29.689	782.787,28	19.432.231,16	4,03%
Ferrol - P1503700E	71.232	3.910.458,43	50.630.001,29	7,72%
Marín - P3602600C	25.483	1.383.113,17	12.891.186,66	10,73%
Narón - P1505500G	39.450	983.341,95	27.703.750,31	3,55%
Oleiros - P1505900I	34.470	1.350.203,04	22.124.468,40	6,10%
Santiago de Compostela - P1507900G	96.041	5.933.049,26	90.238.690,89	6,57%
O Barco de Valdeorras - P3201000-A	14.010	55.430,50	8.393.518,30	0,66%

III.5.5. REALIZACIÓN DOS TRABALLOS

O traballo planificarase e realizarase, de acordo cos obxectivos descritos, co fin de obter evidencia suficiente e adecuada para poder emitir unha opinión ou conclusión sobre os aspectos detallados no

artigo 4 da Lei 6/1985.

O traballo levarase a cabo conforme á adaptación das Normas Internacionais das Entidades Fiscalizadoras Superiores (ISSAI-ES) aprobadas pola Comisión de normas e procedementos Tribunal de Cuentas-Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas. En consecuencia, non se inclúe unha revisión detallada de todas as transaccións, senón das que se consideren necesarias en cada circunstancia, en función dos obxectivos perseguidos, e seleccionadas por mostraxe.